

andaina

50

revista galega de pensamento feminista
3/2008 prezo: 5 euros



- 03 Editorial**
- 04 Denuncias e comentarios**
- 07 O Convenio de Varsovia, un compromiso contra o tráfico de seres humanos en Europa**
Ana Luisa Bouza
- 09 Maha Nassar na memoria**
Laura Gómez Lorenzo
- 10 O outro punto de vista**
Idoia Elfström
- 12 O sufraxio feminino a debate en Galiza: A constitución de 1931**
Isabel Rodríguez Mate
- 20 Encontro internacional da Marcha Mundial das Mulleres en Vigo**
Zélia García
- [DOSSIER] **24 Mulleres, arquitectura e espazo colectivo**
Coordina: Clara Brea
- 26 Muller no baño**
Cruz Louzao e Mariola Fortuño
- [ENTREVISTA] **30 A praza Roxa. Un proxecto de reurbanización dun espazo público urbano**
Clara Brea
- 34 O lugar e os sentidos: Natureza e arquitectura**
Cruz López Viso
- 38 Apuntamentos, enlaces e bibliografía sobre a arquitectura de xénero**
Clara Brea
- [ENTREVISTA] **41 «Muller, naturalmente» Entrevista a María García Gómez, vogal de Muller e Medio Ambiente de ADEGA**
Estrela Villaverde
- 44 A monfortina Juana Díaz Ferrer e as súas irmás: As fillas da viúva**
Marisa González Seoane e Beatriz Parga Massa
- [LIBROS] **47 A polaca**
Patricia Arias Chachero
- 49 Sobre o sexo de pago**
Nanina Santos
- 51 O segundo sexo en galego**
Estrela Villaverde
- 52 Lembranzas**
Parir na Galiza rural dos anos sesenta. Lita e o nacemento do seu primeiro fillo
Anna Amorós i Pons
- [EXPOSICIÓN] **54 Aquí e agora! Novas formas de acción feminista**
Carme Nogueira

Revista Galega de Pensamento Feminista
Terceiro cuadrimestre, 2008
Apdo. 1058 Santiago de Compostela
www.andainamulleres.org
andaina@andainamulleres.org

Consello de redacción
Nadia Álvarez Fernández
Ana Arellano
Patricia Arias Chachero
Celia Balboa Guerra
Dalila Dopazo
Zélia García
Laura Gómez Lorenzo
Pilar Pérez Rey
Saleta de Salvador
Nanina Santos
Iria Vázquez
Estrela Villaverde

Colaboran neste número
Ana Luisa Bouza,
Laura Gómez Lorenzo,
Idoia Elfström,
Isabel Rodríguez Mate,
Zélia García,
Clara Brea,
Cruz Louzao,
Mariola Fortuño,
Cruz López Viso,
Estrela Villaverde,
Marisa González Seoane,
Beatriz Parga Massa,
Patricia Arias Chachero,
Nanina Santos,
Anna Amorós i Pons,
Carme Nogueira

Deseño gráfico: **cebra**
Imprime: **Grafisant, S.L.**
D.L.: C-1.146-88

A publicación deste número contou cunha subvención da Concellaría de Cultura e Centros Socioculturais do Concello de Santiago de Compostela

Andaina non se identifica necesariamente coas opinións dos artigos que aparecen nesta revista

Nestes días a crise económica desbordou as tradicionais páxinas sepia dos xonais para ser o tema principal de conversa nos faladoiros dos bares e nas colas dos supermercados. Non só aumentaron os prezos dos produtos básicos, tamén aumentou, e moito, o medo. O medo a perder o traballo a que se esfumasen os aforros, a non poder pagar os prazos do piso, do coche, ou do televisor... Gastos ou inversións acometidas nun momento en que as entidades bancarias competían ofrecendo formas de financiación. Ata hai uns meses consumir a crédito era sinónimo de benestar, pero agora cando de repente os diñeiros se esfumaron na nube que as propias entidades crearon, non só cortan de golpe as ilusións consumistas, senón que ademais os xuros das débedas contraídas aumentan á par que soben os prezos da gasolina, do leite, do pan...

E cando hai medo e crise a cadea racha sempre polos lugares máis febles, polos contratos temporais ou a tempo parcial, traballos ocupados na meirande parte por mulleres. Se ben ao inicio da crise a perda de postos de traballo se deixou sentir sobre todo entre os homes, que son a maioría dos ocupados no sector da construción e do automóbil, agora xa estamos a percibir tamén unha forte caída do emprego no sector servizos, desde as perruquerías ao comercio, pasando polo servizo doméstico e a hostalería. Son os traballos peor remunerados e que ofrecen os servizos máis prescindibles cando se trata de axustar as economías familiares. E tamén para abondar na febleza, traballos

que ocupan a moitas mulleres inmigrantes.

E se aquí é agora se empezan a sentir os efectos da crise, nos países de onde procede unha gran parte destas inmigrantes hai xa tempo que a veñen padecendo, porque antes dunha crise inmobiliaria e dunha crise financeira houbo una crise de materias primas. Desde os seus cómodos despachos os especuladores anticipanse ao incremento da demanda, compran e venden colleitas aínda sen sementar, e soben os prezos dos alimentos, e o que por aquí

Editorial

sentimos como un aumento dos prezos do pan e o leite, para moitos habitantes de África ou de América Central supuxo a fame. As remesas dos emigrantes convértense entón nunha axuda imprescindible. Remesas que proceden de salarios que agora están na corda floxa, porque cando o traballo escasea miramos mal a quen ven de fóra a facelo, aínda que sexan mulleres dispostas a coidar dos nosos maiores ou a limpar as nosas casas por baixo salario, sen contrato nin seguridade de ningún tipo.

Asistimos case sen inmutarnos, moitas persoas mesmo agradecidas, á facilidade e premura con que os gobernos acudiron a salvar as entidades financeiras. Mesmo neste país, despois de presentar uns orzamentos austeros –estamos en momentos difíciles, xa se sabe–, mentres non hai cartos

para aplicar a lei de dependencia ou se limitan os gastos en educación, non hai problema para facilitar préstamos as entidades financeiras, e salvo o Bloque e Esquerda Unida que votaron en contra, todo o resto do Parlamento estivo de acordo en que había que dar unha saída ás crises dos bancos. Unha crise de tal envergadura que nin sequera despois de varios meses hai quen lle poña cifras, creada por especuladores que se enriqueceron, e moito, con ela e aos que ninguén vai pedir responsabilidades. Entre Europa e Estados Unidos son moitos miles de millóns os que se investirán nesta operación de rescate, cifras que escapan á imaxinación da maioría, pero en todo caso bastante máis do que sería preciso para paliar a fame do mundo. Hai quen ve en todo isto o fin do sistema

capitalista, polo menos tal e como ata agora estaba deseñado. Algúns gobernantes dos países máis ricos ou de maior potencial, co de Estados Unidos como anfitrión, reuníronse no mes de novembro para deseñar solucións, pero, no fondo, non se trata máis que de aquilo que xa propuxo Giuseppe Tomasi di Lampedusa, moito antes: «Algo debe cambiar para que todo siga igual». O pastel é saboroso como para compartilo. Farán un molde novo de aparencia distinta, que presentarán en papel de cores rechamantes e con música sobre pentagramas solidarios, pero cos mesmos ingredientes: usura, rapina e espoliación de recursos dos máis humildes. E así seguiremos mentres continuemos sen inmutarnos, agardando pola seguinte crise e aumentando a distancia entre ricos e pobres. 6

denuncias e comentarios

Teresa Portela (Aldán, Cangas, 1982), piragüista de elite cun montón de premios ás súas costas, remando en K1 e K4. Aquí a temos, con outras tres remeiras, nos Xogos Olímpicos de Beijing 2008, onde obtiveron un quinto posto. 📖



Teresa Portela primeira pola dereita.

Esther González García, concelleira e número dous do PP na Coruña, sacou a relucir a súa riqueza de vocabulario e as súas avanzadas ideas arredor de como e quen crea linguaxe.

Lendo en voz alta nunha xunta da corporación municipal o Regulamento do Servizo de Atención á Infancia, ao toparse coa expresión «familias monoparentais ou monomarentais» fixo un alto e comentou: «Isto é unha imposición da Mesa pola Normalización Lingüística porque eu nunca escoitei tal palabra». E iso que é psicóloga! 📖



As mulleres de Kirca, un lugar dunha rexión ao sur de Turquía, cansas de ter que percorrer 13 quilómetros para abastecerse de auga e fartas de que ningún fixese nada para axudalas, decidiron non deixar entrar aos seus maridos nos dormitorios e presentaron a

iniciativa ao gobernador da rexión. Este tipo de iniciativas xa ten precedentes en Turquía. En 1983 unha película retratou unha folga semellante. No ano 2001 no lugar turístico de Sirtkoy, en Anatolia, as mulleres tamén pecharon as portas dos seus dormitorios para os maridos até que non se resolvese a cuestión da auga e... A verdade... parece que lles dá resultado! 📖

Os Nobel alternativos

Os Nobel alternativos, preceden aos outros Nobel. A Fundación Right Livelihood Award decidiu outorgar o Nobel 2008 ao matrimonio indio composto por Krishnammal Jagannathan e o seu marido Sankaralingam, e a outras tres mulleres máis que traballan e loitan para mellorar o mundo:

Krishnammal Jagannathan é unha activista, cofundadora co seu marido da organización LAFTI, a prol da xustiza social na India. Ambos son seguidores de ideas de Gandhi. Levan máis de cincuenta anos loitando pola distribución da terra que agora reúnen nesa Organización Terra para a Liberdade dos Campesiños, que tamén promove industrias locais e facer fronte a moitos proxectos das multinacionais.

Mónica Hauser, unha xinecóloga suíza, filla de pais italianos, que leva máis de vinte e cinco anos vivindo en Alemaña. O seu traballo con mulleres vítimas de violacións en países en guerra ou crises bélicas mereceu a concesión deste premio. En 1992, cando a guerra de Bosnia, crearon Medica Mondiale. Desde entón traballaron con máis de 70 000 mulleres e nenas traumatizadas en Kosovo, Congo, Liberia, Afganistán...

Asha Hagi, unha activista somalí que xogou un importante papel na organización e participación das mulleres na loita contra a marxinação, a pobreza e a violencia. A organización creada en 1992 resultou importante para a participación das mulleres nas negociacións de paz no 2000.

Amy Goodman, a que premian por promover un modelo innovador de xornalismo político independente, co que se fan ouvir as voces normalmente excluídas dos medios convencionais. Fundadora e presentadora do programa *Democracy Now* xurdido en 1996 e emitido por unha estación de radio; hoxe en día retransmítese a través de 700 redes de radio e TV. 📖



denuncias e comentarios

O goberno italiano presidido por Berlusconi aprobou a mediados do mes de setembro e por decreto lei severas penas para as prostitutas e para os seus clientes. Mara Carfagna, ministra de Igualdade, presentou a *idea* en rolda de prensa xunto aos titulares de Xustiza e Interior. O obxectivo é eliminar a prostitución de rúa. Que ninguén pense que van ir aos pisos, aos hoteis, ás casas, aos salóns de masaxes, aos clubs de estrada..., porque en Italia a prostitución non é delito. O que si vai ser delito, a partires de agora, é exercela en lugar público, porque causa alarma social, ou iso din. Trátase de que a prostitución non se vexa e que as prostitutas, carentes de dereitos, sexan, a partires de agora, máis opacas para así poder abusar máis delas.

As declaracións das ministras e o decreto lei do Goberno mereceron a crítica de diversas asociacións: Cáritas italiana, Save the Children, Grupo Abele, On the Road ou Comune Venecia. Nun comunicado afirman que: «Prohibir a prostitución nas rúas significa obrigar a quen se prostitúe a facelo en apartamentos onde quen é explotado, vaino ser máis, invisible para as forzas da orde e os servizos sociais».

Ademais declaracións de Mara Carfagna sobre a venda do propio corpo suscitaron o sarcasmo de Carla Corso, fundadora do Comité para os dereitos das prostitutas, que lle lembrou a ministra cando «vivía do seu corpo como modelo facendo calendarios».

A hipocrisía social é así! Que non se vexa que se non vemos, non existe. Nada importa o que digan as prostitutas sobre a súa autonomía e sobre o seu dereito a que se negocien espazos públicos para poder traballar con tranquilidade. ☞



Françoise Demulder (1947-2008), francesa, dedicada desde moi nova ao fotoperiodismo, sinaladamente en Oriente: Vietnam, Iraq, Camboia, Líbano, Irán. A súa obra, valente e oportuna, sempre en primeira liña, dá conta das guerras, do sufrimento, da violencia, do horror e das loitas e a dignidade humana para sobrevivir en semellantes situacións.

Foi a primeira muller en gañar o prestixioso World Press Photo, en 1977, cunha fotografía realizada en Palestina.

Levaba doente desde 2003 e como estaba inmobilizada para traballar os colegas de profesión doaron un negativo para poxalo, o que lle permitiu acceder ao tratamento preciso para o seu cancro de medula espiñal. A súa compañeira Geneviève Lamoroux comunicou a súa morte o 4 de setembro no hospital en Levallois-Perret, nun barrio periférico de París. ☞

«Consiga peitos novos nesta pista de baile»

Conseguir corpos á carta ten tomado tales aires de normalidade que lancetas, implantes, botox e outras posibilidades pululan por calquera lado.

Non se trata de aceptar a nosa encarnadura senón de cortar, estirar, encoller, anchar, suprimir... Como se estivésemos falando de cousas e non de corpos, dos nosos corpos.

Unha discoteca en Arxentina –hai moitas que o fan– sorteia implantes, así, como ledes: «Consiga peitos novos nesta pista de baile». Uf, que medo! ☞



Manifesto en Defensa da Convivencia Lingüística

Aquí tes unha foto de algúns dos membros relevantes que presentaron o Manifesto en Defensa da Convivencia Lingüística o 23 de xullo no Auditorio de Galicia, en Compostela. Mira ben, repara en todos os detalles. Ocorreseche algo? ☞

denuncias e comentarios



Peque Varela está tendo un merecido éxito coa súa curta *1977*, nela conta a vida dunha rapaza na procura da súa identidade sexual nunha pequena vila como Ferrol.



Despois de que no ano 2007 fose rexeitada no festival de curtas compostelá (*Curtocircuíto*) e no festival coruñés (*Mundos dixitais*), foi seleccionada entre máis de 5000 curtametraxes para o *Festival de Sundance*, onde competiu con outras 82 cintas no apartado de animación. Ademais tivo mención de honra no *Filminho* –a festa do cinema galego-portugués– celebrado en Vila Nova da Cerveira en xullo de 2008 e premio no festival de videocreación do Condado.

Ela está toda chea, porque na súa curta aparece o barrio de Caranza, en Ferrol, onde se criou.

A curta dura oito minutos e as que a vimos na sesión de cine dos encontros de *Outras voces feministas*, en Panxón, en maio de 2008, só podemos dicirvos que paga a pena.

E que saibades, como curiosidade, que Europress na súa edición dixital titula: «El realizador gallego Peque Varela»... E non pensedes que é unha gralla do titular, porque na noticia Peque Varela segue sendo «un realizador». 6

E que saibades, como curiosidade, que Europress na súa edición dixital titula: «El realizador gallego Peque Varela»... E non pensedes que é unha gralla do titular, porque na noticia Peque Varela segue sendo «un realizador». 6

Non encontro adxectivos que cualifiquen acertadamente o que estamos vendo: a banca, afeita a exercer a usura –préstamos a xuros desorbitados– e a manexar cartos sen taxa procedentes dos aforros de milleiros de persoas... necesita que sexa o Goberno quen lle salve a situación, despois das falcatuadas ás que se teñen dedicado cos cartos dos demais.

Teñen dificultades, seica, e o Goberno acode ao rescate poñendo fondos públicos ao seu dispor. A un interese ridículo, sen control. Así, pola súa linda cara!

E... Por que non vai o Goberno en axuda das persoas en paro?, dos salarios mínimos, dos indixentes, dos inmigrantes sen papeis, das prostitutas sen dereitos, dos xitanos a quen tanta xente empurra e non quere ter de veciños, dos pensionistas con pensións ridículas, dos que non poden cunha hipoteca para a primeira e modesta vivenda... Soltando igualmente eses millóns de euros dos contribuíntes.

Ou é que lles preguntaron que preferían e a maioría dixo que aos bancos, por favor, dádelle os cartos aos bancos?

Nada menos que entre 30 000 e 50 000 millóns de euros!

Supoño que todo é para emular o que fixeron outros gobernantes polo mundo adiante, por exemplo o deses 700 000 millóns de dólares de cartos públicos para sacar a flote Wall Street. 6



Exiliadas en San Simón

De esquerda a dereita: Dora Carcaño, Mariví Villaverde, Teresa Alvajar, Joaquina Dorado, Carmiña Tagüña e Silvista Mestre. Os días 19 e 20 de xullo foron protagonistas na Illa de San Simón no encontro de *Mulleres Exiliadas*, coordinado por Aurora Marco.

Encontrarse, falar e contar a un público numeroso as peripecias vividas desde a obriga do exilio a partires de 1936. A súa memoria e os seus relatos teñen sido unha fonte de primeira orde para coñecer o papel das mulleres na guerra do 36 e no exilio. 6



O Convenio de Varsovia, un compromiso contra o tráfico de seres humanos en Europa

 ANA LUISA BOUZA

En abril de 2003, o Comité de ministros do Consello de Europa encargou a redacción dun convenio internacional para a loita contra o tráfico de seres humanos centrado especificamente nos dereitos humanos das vítimas e na prevención, a investigación e a cooperación internacional na protección a vítimas e testemuñas. Publicouse en maio de 2005 en Varsovia co número 197 o texto final, pero non

entrou en vigor até febreiro de 2008, cando se cumpre o requisito marcado no seu artigo 42 da necesidade de 10 estados asinantes, dos que 8 fosen membros do Consello de Europa. No momento da entrada en vigor ratificaran o convenio Albania, Austria, Bosnia Hercegovina, Bulgaria, Croacia, Chipre, Dinamarca, Eslovaquia, Francia, Xeorxia, Moldavia, Noruega e Romanía e asinaron pendente de rati-

ficación Andorra, Armenia, Bélxica, Finlandia, Alemaña, Grecia, Hungría, Islandia, Irlanda, Italia, Letonia, Luxemburgo, Malta, Montenegro, Países Baixos, Noruega, Polonia, Portugal, San Mariño, Serbia, Eslovenia, Suecia, ex República Iugoslava de Macedonia, Ucraína, Reino Unido.

O estado español non se tiña aínda adherido daquela, cousa que fixo o 9 de xullo de 2008. Supón o

Sobre a orientación das medidas concretas de loita contra o tráfico de seres humanos si creo que as feministas temos algo que dicir, e máis cando, a raíz desta sinatura, empeza a rodar un borrador de plan contra a trata de persoas «con fins de explotación sexual»

compromiso de adaptar ás medidas e orientacións do convenio a política do Estado en relación coa loita contra o tráfico de seres humanos en toda a súa amplitude.

O convenio establece dúas estruturas internacionais de vixilancia da súa aplicación, o Comité das Partes formado por estados asinantes e GRETA (grupo de persoas expertas independentes). Sobre o desenvolvemento desta parte instrumental ten Amnistía Internacional publicadas en novembro de 2007 14 recomendacións que subscribo totalmente e se poden mirar na páxina web da organización, así que non entrarei máis no tema.

Sobre a orientación das medidas concretas de loita contra o tráfico de seres humanos si creo que as feministas temos algo que dicir, e máis cando, a raíz desta sinatura, empeza a rodar un borrador de plan contra a trata de persoas «con fins de explotación sexual» por parte do Ministerio de Igualdad español que se contradí nalgunha das propostas coa orientación do propio Convenio de Varsovia.

Entendo que se adopta coa sinatura a terminoloxía e definicións que aparecen no convenio e polo tanto falaremos de trata ou tráfico de seres humanos (e non só de mulleres) e entenderemos por tal: «a contratación, transporte, traslado, aloxamento ou acollida de persoas mediante ameazas de recorrer á forza, recurso á forza ou calquera outra forma de obrigación, mediante rapto, fraude, engano, abuso de autoridade ou dunha si-


tuación de vulnerabilidade ou mediante a oferta ou aceptación de pagos ou vantaxes para obter o consentimento dunha persoa que teña autoridade sobre outra con fins de explotación»; e con fins non só de explotación sexual, senón que: «A explotación incluirá, como mínimo, a explotación da prostitución allea ou ben outras formas de explotación sexual, o traballo ou servizos forzados, a escravitude ou prácticas similares á escravitude, a servidume ou a extracción de órganos».

A referencia exclusiva ás mulleres como vítimas do TSH fai que esquezamos que homes e, sobre todo, criaturas (persoas menores de idade) poden ser tamén vítimas. A abordaxe, como marca o convenio 197 debe garantir «que calquera acción ou iniciativa no campo da loita contra a trata de seres humanos debe ser non discriminatoria e tomar en consideración a igualdade entre mulleres e homes, e ter ademais un enfoque baseado nos dereitos da infancia».

A identificación da trata exclusivamente coa prostitución supón, por unha banda, limitar o campo de actuación, xa que moitas persoas (e moitas delas mulleres) son traficadas para outros sectores e actividades; pero, ademais, pode resultar especialmente confuso se non se incorpora a expresión «prostitución forzada», xa que unha parte sen cuantificar das mulleres que exercen a prostitución non proceden do TSH e non son forzadas a facelo.

A asistencia ás vítimas é o principal obxecto do convenio. Propón a creación dunhas garantías e recursos específicos para a súa atención. A consideración de vítima de TSH dá lugar a dereitos, polo que se deben realizar os estudos e procedementos precisos para acadar procesos de identificación e acreditación rigorosa das vítimas, nomeadamente cando se fala de persoas menores de idade, para garantir que os recursos se dirixen a quen efectivamente ten dereito a eles. Estas medidas de atención non deben ademais quedar subordinadas á vontade da vítima de actuar como testemuña.

O artigo 19 do convenio entra na cuestión da criminalización da clientela dos servizos procedentes de TSH, pero sempre cando se demostre o coñecemento previo desta situación de tráfico. Non podemos esquecer que esta clientela pode ser considerada en primeiro lugar como axente colaborador na identificación e denuncia de situacións de TSH, xa que as máis das veces son o primeiro contacto entre a persoa traficada e o exterior. Polo tanto debe ser obxectivo prioritario das campañas de prevención e loita contra o TSH.

O convenio aporta unha nova perspectiva na intervención pública na loita contra a TSH que seguramente será debate público nos vindeiros meses e a visión dos feminismos debe ter, terá sen dúbida, grande protagonismo. 

Maha Nassar

na memoria

☞ LAURA GÓMEZ LORENZO

O pasado día 10 de outubro deste ano 2008 finou Maha Nassar, *Um Wadie*, aos 54 anos, tras unha longa enfermidade, na cidade cisjordana de Ramallah.

Maha Nassar foi unha valente e valiosa activista do feminismo en Oriente Medio, da autodeterminación de Palestina e do proceso de paz, moi coñecida tamén fóra do seu país.

Naceu o 10 de xuño de 1954 en Xerusalén, nunha familia cristiá. Fixo a carreira de Física na Universidade de Birzeit, onde participou activamente na organización da Fronte Popular pola Liberación de Palestina.

Dende a época de estudante foi detida en varias ocasións polas forzas de ocupación, estivo na cadea, e ás veces permaneceu baixo obrigado arresto domiciliario.

Traballou como profesora de física nunha escola ata a súa dimisión, para poder prestarlle dedicación completa á causa das mulleres (obtivera tamén o postgraio de Máster en Estudos da Muller).

Formou parte do establecemento da Unión de Comités de Mulleres Palestinas no ano 1980, foi escollida como presidenta deste organismo en 1994 e reelixida en dúas ocasións máis, desempeñando o cargo ata o seu pasamento.

A mediados do mes de marzo de 2005 Maha fixo unha breve xira por distintas cidades e vilas do estado español con Juani Rishmawi (española de nacemento, quen exercía de esforzada intérprete). En Xixón recolleu o Premio Pasionaria, na súa XII edición, concedido pola Área da Muller de Izquierda Unida á Unión de Comités de Mulleres Palestinas. Estivo tamén en Compostela, invitada pola Asociación Galicia por Palestina, onde foi recibida no parlamento e no concello.



Coñecina durante esta visita, a través da nosa común amiga Marisa González Seoane. Malia a súa apertada axenda, Maha foi xenerosa co seu tempo, compartimos un xantar, un pequeno paseo e unha longa entrevista para *Andaina*.¹ Curtida na dura situación cotiá de resistencia do seu pobo, e especialmente na das que pagan o máis alto prezo, as mulleres, a tenacidade formaba parte do seu carácter, trazo que conxugaba cun espírito crítico, cunha gran lucidez nas ideas e cunha clara e fluída exposición das mesmas. Sentíase respectada pola súa sociedade nas demandas de dereitos básicos para as mulleres, porque xa acadara credibilidade como esquerdista na loita de autodeterminación. Era tranquila, doce, agarimosa e acolledora no trato. Isto proporcionáballe unha gran capacidade de empatía coas persoas.

A Maha, segundo me transmite Marisa, gustáballe formular unha pregunta en español, *¿por qué no?* En canto á forma, posiblemente lle gustase a sonoridade. Sobre o contido, interpretámola como o cuestionamento inicial dunha mente aberta ante unha posibilidade que comeza a valorar.

O traballo feito perdura, que os teus soños sobreviván, adeus Maha. ☞

¹ Entrevista publicada en *Andaina*, núm. 41 (verán de 2005), pp. 27-31.

O outro

punto de vista

IDOIA ELFSTRÚM

As mulleres que son intelc-tualmente activas foron conside-radas perigosas ao longo da histo-ria. É difícil de entender, porque realmente, contra que atentaron? Seguramente, o único perigo sería a consecución da liberdade para si mesmas como persoas e para as demais como xénero. Non sería máis interesante para todos, e non só para os homes, senón para a huma-nidade, que se tivesen aceptado as capacidades creativas, de pensa-mento, de acción femininas? Que estas tivesen podido crecer sen cen-suras, sen aprendizaxes previas con-dicionantes, sen a carga histórica da que vai ser difícil desfacerse po-la súa inercia de séculos? A histo-ria, perdeu a metade das súas ener-xías desperdiciando unha visión do mundo distinta. E ademais, este mundo soterrado foi explicado, cando o foi, con palabras que nos

son alleas, interpretadas tamén des-de a distancia.

É cansiña, decepcionante (pero tamén estimulante como reto) a continua supeditación de grandes creadoras á personalidade dun ho-me: Camille Claudel, Dora Maar, Natalia Goncharova, Frida Kahlo; e así como arquitectas, Eileen Gray, Lilly Reich, Charlotte Perriand, Marion Mahony Griffin, Denise Scott Brown..., por falar dalgunhas contemporáneas. Incluso moitas veces chégase máis alá, mulleres asaltadas intelc-tualmente, o masculino nutríndose do ideario feminino e facéndoo seu sen nin-gún tipo de escrúpulo. O home ten un maior peso social, simplemen-te pola súa condición de xénero. Este feito protéxeo.

As artistas, moitísimas veces asó-manse á historia cun título secun-dario, secundario no sentido de que

1.




para recoñecelas hai que vincula-las; parece que por si mesmas non teñan un auténtico valor (cedidas do pai ao marido, do analfabetis-mo á dependencia dun ente crea-dor masculino). Esta relación, filla de, amante de, esposa de... é cu-riosa, porque vén determinada po-la preposición «de», que é a que ser-ve para indicar pertenza, xusto o nexo que as relaciona significa pro-

piedade. Evidentemente foron amantes, fillas, esposas... e todas foron relacións frutíferas e recíprocas. Por iso, é difícil de crer a realidade que perdura escrita no tempo. Que neste intercambio foran sempre eles os tocados pola categoría artística plena e que, en cambio, a obra das súas compañeiras permanecera na sombra, en concreto á súa. Os artistas traba-

llan e as artistas divírtense?, non poden ser tomadas *tan* en serio? Por que non adquiren tamén esta calidade e por que os seus nomes non se consideran dignos da historia con maiúsculas?

Tantísimas veces podemos ler ou escoitar que ás mulleres artistas e/ou arquitectas non se lles ten valorado o suficiente ou que non teñen sido recoñecidas na súa xusta

naiciñas perfectas... ou displicentes prostitutas. Mentres ao home reservábaselle un destino incerto cheo de desafíos, tentos, aprendizaxes, praceres... Quizais non sexa entón un problema tan só de educación. Até onde debemos retroceder para comprender cal foi o fallo de base?

Neste século XXI, as mulleres deberíamos alcanzar certas cotas de protagonismo absoluto. Certas cousas cambiaron na época actual. Xa no século XIII tratouse de distinguir cales eran os trazos que conformaban a identidade feminina na *querela de mulleres*, desde un punto de vista conceptual, filosófico e político. Así como a historia de mulleres está asociada ao feminismo, o movemento obreiro estao ao socialismo, o que quere dicir que como outras *minorías* (e non seremos unha minoría por unha cuestión de número) temos a necesidade de crear un corpus teórico para revivir o pasado no escrito, cal foi o seu desenvolvemento e poder comprender así, a situación actual. É preciso conquistar a nosa liberdade en todos os ámbitos. Xa que é evidente que os homes e as mulleres non somos iguais, pero si equivalentes, igual de capaces. E hai unha premisa de base que hai que mudar: que o home é no noso mundo o *un*, e a muller é o *outro*, a diferenza. 

Ás mulleres que son intelctualmente activas foron consideradas perigosas ao longo da historia

2.



medida pola importancia dos seus traballos. A pesar de estar á altura de tantos outros artistas. É curioso que se lle conceda máis importancia ao xénero que á calidade dos traballos. Volvemos ao punto de inicio, por que todo este temor?

No pasado, até o século XIX, ocorre que o coñecemento intelectual feminino pertencía a unha elite, aquelas eruditas máis próximas ao poder encontraron tantas máis dificultades para chegar a destacar nun mundo de intereses dirixido por homes. E téndose destacado tantos audaces artistas da masa era imposible que ocorrera de igual maneira co sexo oposto, xa que a grandísima, por non dicir abafante maioría, foron educadas para seren muller-ciñas, amiñas de casa,



1. Camille Claudel
2. Marion Mahony Griffin
3. Dora Maar
4. Charlotte Perriand
5. Natalia Goncharova
6. Eileen Gray

4.

6.

5.

O sufraxio feminino

Cousas da vida

por Casteirao



—D'isque imos ter voto as mulleres.

—Si muller, si; e a vez dispols quen s'atreve a roubárr'o.

Faro de Vigo, 04/10/1931

ISABEL RODRÍGUEZ MATE

O 14 de abril de 1931, tras coñecerse os resultados das eleccións municipais celebradas dous días antes, Alfonso XIII decide abandonar España e un goberno provisional presidido por Alcalá Zamora proclamou a II República.¹

Entre as primeiras medidas levadas a cabo por este novo goberno, estivo presente a cuestión da igualdade política e xurídica feminina. Así, o 8 de maio de 1931² emitíuse un decreto no que se concedeu o voto a todos os homes maiores de 23 anos e se declaraba

elixíbeis a clérigos e mulleres, comezándose a erradicar os impedimentos legais que separaban á muller da actividade política. Neste feito tiveron unha notable influencia tanto as incesantes proclamas en favor do dereito ao sufraxio feminino desde distintos sectores da sociedade española ao longo do primeiro terzo do século XX, como a presenza deste dereito en numerosos países do entorno occidental.

Porén, se analizamos os debates recollidos na prensa da época observamos como perdura aínda

¹ As eleccións municipais celebradas o 12 de abril constituíron na práctica un referendo sobre a institución monárquica. Se ben o cómputo global de concelleiros era claramente favorable á monarquía (41.224 fronte a 39.248 do bloque republicano), en 41 das 50 capitais de provincia do estado trunfou a coalición antimonárquica. En SANCHEZ-ARCILLA BERNAL, J.: *Historia del Derecho. Instituciones político-administrativas*, Madrid, Dykinson, 1995.

² DOMÉNECH, A.: «El voto femenino», *Cuadernos de Historia* 16 (Grupo 16, Madrid), núm. 163 (1985), p. 21.

a debate en Galiza: A constitución de 1931

unha desconfianza cara á madurez das mulleres para participar nos espazos de decisión política. Así, ficaría aínda pendente, e sería obxecto de numerosos debates, o recoñecemento do sufraxio activo feminino.

Neste sentido, son numerosos os exemplos de caricaturización das mulleres amosándoas como frívolas, febles e incapaces de abordar con criterio propio a reflexión política. Non obstante, tamén podemos rastrexar unha aínda tímida mudanza na caracterización do xénero feminino por parte dalgúns

líticas. Ni de invocar siquiera la ruta progresiva que en este punto ha seguido el constitucionalismo contemporáneo de Europa y América. Inglaterra con todos sus dominios, Alemania, Austria, Checoslovaquia, Holanda, los Países Bálticos y Escandinavos, los Estados Unidos de América. En todas partes, hasta en Rusia, la mujer está equiparada a las masas masculinas en lo que al sufragio concierne. Aún en países de menor amplitud democrática como Bélgica las mujeres participan activamente en las elecciones municipales.³

Así mesmo, esta exclusión inicial do sufraxio activo feminino daría lugar a que esta cuestión seguise

Así mesmo, esta exclusión inicial do sufraxio activo feminino daría lugar a que esta cuestión seguise estando presente no debate público, e sería obxecto dunha «acalorada batalla»

sectores. Para ilustrar esta afirmación vexamos por exemplo o seguinte fragmento publicado no *Faro de Vigo*:

Con criterio que encontramos en principio elogiado, el Gobierno de la República ha empezado a abrir las puertas de la vida política y ciudadana a la mujer española. Le dio acceso primeramente a los cargos públicos. Concedióle luego la elegibilidad electoral. Este propósito adolece sin embargo de una parsimonia inexplicable. Se concede a la mujer, es cierto, los derechos pasivos en la vida electoral, pero meticulosamente se le sustraen los activos. Y ello equivale a negarle de hecho su capacidad política.

No es cosa de discutir sobre el principio democrático del sufragio femenino. Y menos aún en un régimen como el instaurado entre nosotros, a título de democracia y libertades po-

estando presente no debate público, e sería obxecto dunha «acalorada batalla»⁴ parlamentaria nas Cortes constituíntes.

Nestas novas Cortes, votadas na súa primeira volta o 28 de xuño e nunha segunda o 5 de xullo, resultaron elixidas tres deputadas de 10 incluídas nas listas de 13 circunscripcións en todo o estado: Clara Campoamor, polo Partido Radical, elixida por Madrid, Victoria Kent polo Partido Radical-Socialista, tamén elixida por Madrid, e Margarita Nelken (elección que foi impugnada nun principio) polo Partido Socialista Obrero Español (PSOE) e elixida por Badaxoz.⁵

En Galiza, só estiveron presentes as mulleres nas candidaturas

COPLAS DEL DOMINGO

VOTO FEMENINO

No es censurable, a mi ver,
dar el voto a la mujer,
léjos un rango liberal
que labra de robustecer
al régimen actual.

La mujer es obligada
de que "no está preparada",
no me merece respeto.
¿Quién tiene que decir nada,
si solo el analfabeto?

Si solo el hombre cerró
y el barrocho impunitivo,
¿por qué el sexo femeníl
ha de continuar ausente
de la contienda civil?

¿Que alguna día un sófista
de las normas del cristiano
y no entiendo de razones?...
¿Evidentemente lo mismo
que machiboleros varones!

Resulta por tanto, injusto,
que, sin motivo y por capricho,
se vote el pleito en cuestión,
pensando, ámbos de sueldo,
que su voto es irrelevante.

Araza quien piensa en ser
necesaria, respaldada,
que a algunos tanta infamia
se lleva la gran mayoría
"y la primera siceida".

Ante el femeníl otras
y su cimiento había estado
se podría replicar:
"Dejadlo que incide el paso
y la acción oportuna!"

Recordemos la frase
de aquel al ser elegido
con la palabra y la idea,
si se ha de emitir que sea
"no quien lo lleva a cabo".

Respondo con febre
cuanto más audaz, mejor.
¡A empujar machiboleros
y no feministas, ¡claro!
a que oyoar el feminismo!

No hay nada por que temer.
Si era siceida la mujer
debe firmar sus votos,
por lo demás de ser
su cuanto cumple a votar!

CESAR

La Voz de Galicia, 04/10/1931

³ «Comentarios de la prensa madrileña. ¿Por que no se concede el voto a la mujer? Pregunta El Debate», *Faro de Vigo*, 23/VI/1931, p. 1.

⁴ Nestes termos exprésase Arturo Mori na súa *Crónica de las Cortes constituyentes*, Madrid, Aguilar, 1933: «Una batalla parlamentaria de altura que había de dirigir, con su tesón, una mujer, puesto que de la mujer se trataba. Y decimos dirigir, porque aunque ella defendía el criterio feminista, con su gente, en la que estaban los socialistas, y no, en cambio, los radicales, partido al que pertenece la diputada, lo que realmente era llevar la batuta de las altas y bajas del debate. Había estudiado bien el problema, y estaba decidida a que no fuera uno más de los aplacados. Nos estamos refiriendo, como podrá suponerse, a la señora Campoamor».

⁵ VILLALAIN GARCÍA, P.: «Mujeres en las candidaturas electorales. 1931-1936», *Cuadernos Republicanos*, núm. 47.

electorais ás eleccións constituíntes de 1931 nas provincias da Coruña e Pontevedra. No tocante á primeira, foi presentada D. Ibarruri, polo PCE, que ademais de ser candidata por esta circunscrición tamén o fixo por Bizkaia capital, Alacant, Barcelona capital e Las Palmas. Con respecto a Pontevedra,

A principios de setembro de 1931, momento no que se presenta o Proxecto de Constitución ás Cortes, estas dúas disposicións recolléronse no artigo 34:⁹

Los ciudadanos de uno y otro sexo, mayores de 21 años tendrán los mismos derechos electorales, conforme determinen las leyes.

la república trajo lo que no trajo la monarquía sentirá mayores fervores republicanos. Es decir: que ahora no los va a sentir.¹¹

A mediados de setembro de 1931 deu comezo a discusión sobre os artigos do proxecto de Constitución. Ao longo das distintas sesións fóronse debatendo as diver-



El Pueblo Gallego, 18/02/1936

El Pueblo Gallego, 18/02/1936

Finalmente, na redacción definitiva deste artigo 34 modificaríase só a idade electoral, que se estableceu en 23 anos para ambos sexos

incluiríase nas listas a Concepción Alfaia, polo Partido Radical Agrario, e que sería a única muller presente nas candidaturas dereitistas en todo o estado.

No referente aos resultados electorais, Concepción Alfaia foi a muller máis beneficiada, con 9127 votos.⁶ D. Ibarruri acadou 338 votos na Coruña, un resultado moi inferior ao acadado en Bizkaia (4065), mais superior aos 185 votos en Barcelona, e os 156 en Las Palmas.

Unha vez constituídas as novas Cortes, encargouse a unha comisión presidida polo penalista Jiménez de Asúa a redacción do Proxecto da nova Constitución. En relación aos dereitos políticos e civís femininos, ademais do artigo 25,⁷ esta comisión incluíu dous artigos no anteproxecto presentado:

Art. 20: Todos los ciudadanos participarán por igual del derecho electoral, conforme determinen las leyes.

Art. 34: Tendrán derecho al voto todos los españoles mayores de 23 años, así varones como hembras.⁸

Finalmente, na redacción definitiva deste artigo 34 modificaríase só a idade electoral, que se estableceu en 23 anos para ambos sexos.

A prensa galega destes días dá conta da transcendencia que tiveron estes debates en todo o estado, xa que se trataba, como expresou Victoria Kent, de «dar o negar el voto a más de la mitad de los individuos españoles».¹⁰ Neste sentido, se ben a *gran* maioría dos sectores da Cámara recoñecía a inxustiza de non incluír ás mulleres na nova conxuntura de democracia e igualdade que representaba a República, algúns integrantes de grupos republicanos e da esquerda manifestaban o seu temor a que a influencia clerical na muller puidera ser determinante para o triunfo das formacións conservadoras. Entre eles atopábase Victoria Kent:

La señorita Kent decía que la concesión del voto era cuestión de oportunidad, y que cuando la mujer recoja el fruto de la república y vea que

sas emendas ao articulado do proxecto, e a fins de setembro inaugúrouse o debate do artigo 34. A este respecto, presentáronse o día 30 dúas emendas: a do señor Ayuso, do Partido Republicano Federal, que non foi tomada en consideración polo seu contido impropio:

⁶ VILLALAIN GARCÍA, P, op. cit., p. 17.

⁷ Este artigo recollía o principio xeral de que non sería constitutivo de privilexio xurídico: a natureza, a filiación, o sexo, a clase social, a riqueza, as ideas políticas ou as crenzas relixiosas.

⁸ CAPEL MARTÍNEZ, R. M.: *El sufragio femenino en la 2ª república española*, Granada, Secretariado de publicaciones de la Universidad de Granada, 1975.

⁹ GARCÍA MÉNDEZ, E.: *La actuación de la mujer en las Cortes de la II República*, Madrid, Ministerio de Cultura, 1979, p. 54.

¹⁰ MORI, A.: *Crónica de las Cortes constituyentes*, Madrid, Aguilar, 1933, p. 224.

¹¹ «Desde Madrid. El voto de la mujer», *Faro de Vigo*, 8-X-1931, p. 10.

Los ciudadanos varones desde los veintitrés años y las hembras desde los cuarenta y cinco tendrán los mismos derechos electorales conforme determinen las leyes.¹²

E por outra banda a defendida por Guerra del Río, que pretendía aprazar a cuestión do voto feminino alegando entre outros motivos que este feito podía poñer en perigo a estabilidade da República. A favor desta última emenda votaron os radicais, os radicais-socialistas e Acción Republicana; e en contra, os grupos de dereita e a minoría socialista. Finalmente, rexeitouse a emenda con 153 votos fronte a 93.¹³

Desbotadas estas dúas emendas, só restaba iniciar a votación definitiva do artigo. No momento da súa ratificación estaban presentes na Cámara un 60% dos deputados, e o resultado final foi de 160 votos a favor e 121 en contra. No caso galego, só se atopaban presentes 26 deputados dos 47 existentes (55,3%). Deles, 16 votaron a favor



Faro de Vigo, 18/02/1936

E por outra banda a defendida por Guerra del Río, que pretendía aprazar a cuestión do voto feminino alegando entre outros motivos que este feito podía poñer en perigo a estabilidade da República

LOS GRANDES POLITICOS

Las mujeres en las urnas

Por ANDRE TARDIEU

Este problema, desde hace largo tiempo planteado en el mundo, no será resuelto por medio de habilidad o de transacción. Como desde veinte años ha Ferdinand Buisson, es preciso pronunciarse en pro o en contra de la doctrina general que excluye de la vida pública a uno de los dos sexos.

Se dice: — "Las mujeres no hacen servicio militar; luego ellos no deben votar".

Se dice también: — "Los genios de los cuales se honra la humanidad son todos masculinos."

Pero, por otra parte, el sufragio, aun entre los hombres no es asunto de genio individual sino de buen sentido colectivo. Para ejercerlo, la granjera o la panadera valen por el labrador o el fontanero.

No parece tampoco, al contemplar la masa popular del campo, que las mujeres dejen de dedicarse a las tareas más diversas como las del hombre y que el espíritu sea muy distinto. Si se acepta, desde luego, sin condición de capacidad, el sufragio universal de los hombres, el motivo de incapacidad aplicado a las mujeres no tiene gran solidez. Si todos, sin excepción, votan, todas entonces deben votar.

Cuando vivimos en una democracia, cuya soberanía no reconoce restricciones materiales ni morales, el derecho de las mujeres debe ser en ellas igual al de los hombres. ¿A título de qué dividir el grupo social en dos sectores, en que uno ejerza el gobierno y el otro la sumisión?

Las mujeres tienen en el Estado una tarea diferente a la de sus compañeros, pero igualmente interesante. Pagando, como los hombres, sus impuestos, son como ellos capacitadas para saber cómo se percibe ese ingreso y cómo se emplea.

Ya en 1790 Condorcet pronunciaba a este propósito la última

palabra al escribir: "Si se admiten contra las mujeres razones semejantes, habrá también que privar de sus derechos a la parte del pueblo que, dedicado a los trabajos que están del comercio intelectual, no puede adquirir luces ni emplear su razón". A esto no respondo nada.

Después se invoca el interés de la sociedad y se asegura que si la mujer va a las urnas, se desplazará del hogar. ¿Por qué ha de alejarse esto más que el laboratorio o la biblioteca? ¿Quién ignora que si millones de mujeres trabajan fuera de sus hogares es solamente por ganar su vida?

El voto no tiene ninguna relación con esto. Este es un hecho económico y nunca un hecho político. Se añade que si la mujer vota, en cada hogar se establecerá una batalla.

Pero la estadística antifeminista no puede citar un solo caso en los países donde es norma el sufragio, de divorcio por motivo político.

También se señala que en algunos sitios las mujeres no atienden más que a su movimiento feminista y constituirán un estado mayor sin ejército, y otros argumentos más. ¿Cuántos, entre los hombres del siglo XVIII reclamaban el derecho a votar?

En resumen, la cuestión del voto femenino es una simple y clara cuestión de justicia que alguien ha conseguido oscurecer por razones de oportunidad. Se podría decir lo que un belga a propósito del sufragio universal de los hombres: "Yo no sé a quien aprovechará esto, pero yo votaré por quien es de justicia." Después de la última guerra, donde el papel de las mujeres en Francia sobre todo fue tan generosamente decisivo, el debate sobre este tema debería clausurarse.

La guerra ha determinado en la Gran Bretaña sorprendentes conversiones, y es de lamentar

¹² GARCÍA MÉNDEZ, E., op. cit., p. 56.

¹³ GARCÍA MÉNDEZ, E., op. cit., p. 58.

LA POSICION DE LA MUJER ESPAÑOLA FRENTE AL MOMENTO ELECTORAL

Madrid.—Dice "La Libertad": "Extremas derechas y extremas izquierdas se dedican, con un alar, de mural ya excesivo y, desde luego, atentatorio contra las normas de la urbanística elemental, a reequilibrar a las mujeres españolas y a entornar los ojos en busca del voto femenino.

El truco que más éxito tiene es el dramático. Entre Anasol y Casas Viejas anda la cosa y unos y otros extremistas manejan la memoria de los mártires con una frialdad excesiva y un gusto muy español por lo trágico. Quiero decir esto, en último término, que el voto de la mujer, más de la mitad del sufragio español, cuenta mucho en esta ocasión.

Cada cual emplea la técnica que le parece de más éxito para el donjuanismo político, de cuyo ejercicio en tierras españolas. Por estas días de noviembre ignoran, al parecer, unos y otros extremistas la característica fundamental de la doncella o la matrona española, muy lejos, afortunadamente, del histerismo que parecen atribuírselas. La mujer, en España, en estos últimos años, sobre sus naturales virtudes de generosidad, sacrificio, abnegación y equilibrio mental, ha superpuesto una categoría: la cultura.

La mujer ama el orden y la paz. Comienza por dedicarse en su hogar y hace trascender este deseo a la vida pública. Con el otorgamiento del voto la República no ha hecho otra cosa que reafirmar una capacitación efectiva de la mujer española para el ejercicio de la vida ciudadana integral.

Sea las derechas las que más insisten en el reclamo a la mujer. Se han erigido en monopolizadoras del sentimiento femenino dominante y venían para sí, con representación a los perseguidores de la Iglesia.

"Fueron bien, como de esas candidaturas y sus mantenedores forman parte nuestros padres, nuestros hermanos y familiares, que nunca violentaron nuestras creencias, profundamente religiosas, sino que, al contrario, con ellas fueron y son respetuosos, no pedimos escuchar sin protesta que a persona que nos sea tan querida se les agravia a sabiendas de que se realiza una campaña calumniosa y, por tanto, en pugna con los dogmas primarios de la Iglesia. Sin acudir, pues, a violencias ni a dádilas ni a indignas captaciones: con sincero respeto, en cambio, para la voluntad ajena, nosotros, mujeres hispanicas de arraigadas creencias, pedimos que sea votada la

muñeca y con ligereza, el derecho a expender, como en una especie de estanco ideológico, las fórmulas que desdicen los postulados dominantes. Las mujeres españolas están situadas en un punto equidistante de los extremos, sin que esta situación signifique disminución ni del sentimiento religioso ni de las grandes virtudes domésticas de la mujer. He aquí cómo responden las mujeres hispanicas a la campaña de derecha contra la candidatura de centro de la provincia de Zaragoza: "Otorgado el voto femenino, las mujeres hispanicas se disponen a ejercer ese derecho. Si se tratase de ejercer estrictamente ese derecho nada tendríamos que oponer; pero parece pretenderse convertir la función en motivo de discordia, en bandera religiosa, en guerra que abra puertas de conclusiones que estuvieran herméticamente cerradas a la fraternidad de emociones que la ley escrita sanciona y la ley moral repugna. Y como esta pretensión hiera principios de justicia, gana nombres dignos e inicia orientaciones que podrían conducir los ánimos a exaltaciones de dolorosa trascendencia, es que, abandonando la indiferencia para la actuación política que nos tuvo siempre recluidas en el cumplimiento de los principales deberes del hogar, nos permitimos hostilizar, mujeres hispanicas, también hacer una frasca y paladina manifestación".

Las mujeres a que atañemos se permiten erigirse en monopolizadoras del sentido religioso de nuestro pueblo y, atribuyendo a la candidatura de derecha, llamada agraria, la defensa de la Iglesia, lanzan contra la candidatura republicana radical el estigma de candidatura radical por lo mismo que la forman prestigiosos hijos de este país, ciudadanos honrados y hombres de cuya clara conciencia responde una vida ejemplar."

Esta situación de ánimo es, lo repetimos, el de la mejor parte de las mujeres españolas, magnífica lección que debe ser divulgada y conocida y a la que prestamos, dada la a conocer, todo el calor que merece."

MONDARIZ PUNTES DE GANDARA y TRONCOSO De fama mundial

(61,5%) e 10 (38,5%) en contra.¹⁴ Tomando en conta a porcentaxe de votos afirmativos, vemos como Galiza está dentro da media dos territorios do estado, con arredor de dous terzos dos votos afirmativos. No conxunto estatal, tan só hai algunhas excepcións a esta regra xeral, como o caso de Castilla la Vieja onde houbo 17 votos negativos fronte a 16 afirmativos, ou Murcia, con 9 votos negativos fronte a 4 afirmativos.

Para ilustrar este feito, vexamos unha relación dos deputados galegos que votaron en favor e en contra da concesión do sufraxio activo e pasivo ás mulleres:¹⁵

Mulleres Galegas

Votaron en favor do voto da muller os deputados galeguistas. Pensaron en vós mulleres e nais dos emigrados, viudas de vivos e mortos.

O voso voto pode ser decisivo na redención de Galicia; pero tamén pode ser un instrumento da vosa esclavitud.

Unha Galicia, libre e rica como piden e defenden os galeguistas, poderá manter no seu seu a todos os seus fillos suprimindo o triste drama da emigración.

Nais galegas. Pra que os vossos fillos non morran en terras estranxas; pra que vós seades a froel primorosa dos nosos fogares en vós das esclavas do agro e da costa. Vote a candidatura do Partido Galeguista.

226. PUNTOS DE GANDARA Y TRONCOSO. De fama mundial

A Nosa Terra, número solto especial, Novembro de 1933

¹⁴ Este elevado índice de absentismo dos deputados era relativamente habitual entre os representantes de territorios fisicamente afastados de Madrid; así, tan só 21 deputados cataláns dun total de 53 acudiron á votación, ou 3 de 7 navarros.

¹⁵ Elaboración propia a partir da lista realizada por Rosa María Capel para o conxunto do estado.

DEPUTADOS GALEGOS QUE VOTARON EN FAVOR DO SUFRAXIO ACTIVO E PASIVO FEMININO

Nome	Circunscrición	Filiación política	Profesión
Laureano Gómez Paratcha	Pontevedra	Partido Republicano Galego	Médico
Joaquín Pozas Juncal	Pontevedra	Federación Republicana Galega	Avogado
Eugenio Arbones Castellanzuela	Pontevedra	Socialista	Médico
José Gómez Osorio	Pontevedra	Socialista	Obreiro
Alejandro Otero Fernández	Pontevedra	Socialista	Médico e catedrático
Enrique Heraclio Botana	Pontevedra	Socialista	Obreiro
Ramón Beade Méndez	A Coruña	Socialista	Agricultor
Santiago Casares Quiroga	A Coruña	Federación Republicana Galega	Avogado
José Reino Caamaño	A Coruña	Independente	Avogado
José Mareque Santos	A Coruña	Socialista	Obreiro
Edmundo Lorenzo Santiago	A Coruña	Socialista	Tipógrafo
Ramón Suárez Picallo	A Coruña	Federación Republicana Galega	Xornalista
Ramón María Tenreiro Rodríguez	A Coruña	Federación Republicana Galega	Escritor e xornalista
Luis Cornide Quiroga	A Coruña	Federación Republicana Galega	Avogado
Enrique Gómez Jiménez	Lugo	Derecha Liberal Republicana (PRC)	Enxeñeiro
Luis Recaséns Siches	Lugo	Derecha Liberal Republicana (PRC)	Catedrático

DEPUTADOS GALEGOS QUE VOTARON EN CONTRA DO SUFRAXIO ACTIVO FEMININO

Nome	Circunscrición	Filiación política	Profesión
Antón Rodríguez Pérez	A Coruña	Federación Republicana Galega	Avogado
José López Varela	Pontevedra	Radical	Avogado
Emiliano Iglesias Ambrosio	Pontevedra	Radical	Avogado
Manuel Becerra Fernández	Lugo	Radical	Enxeñeiro
Daniel Vázquez Campos	Lugo	Federación Republicana Galega	Avogado
Gerardo Abad Conde	Lugo	Radical	Profesor e avogado
Ubaldo de Aspiazú y Artazu	Lugo	Radical	Enxeñeiro
Francisco J. Elola y Díaz Varela	Lugo	Radical	Avogado
Basilio Álvarez Rodríguez	Ourense	Radical	Crego
Manuel García Becerra	Ourense	Partido Republicano Radical Socialista	Enxeñeiro

Se facemos unha estimación destes datos por provincias, A Coruña foi a que tivo un maior índice de votos afirmativos entre os deputados presentes no hemiciclo: de 9 votaron a favor 8 (88,8%). En Pontevedra votaron afirmativamente 6 deputados (75%) e en contra 2. Na provincia de Lugo votaron afirmativamente 2 deputados (28,5%) e 5 votaron en contra. Finalmente na provincia de Ourense non houbo ningún voto afirmativo e si 2 en contra.

No referente ao índice de absentismo por provincias, asistiron 9 deputados coruñeses dun total de 16, dándose polo tanto unha participación do 56,2%; na provincia de Pontevedra, votaron 8 deputados dun total de 12, tendo polo tanto unha participación do 66,6%; en Lugo votaron 7 deputados dun total de 10, obtendo unha participación do 70%; e finalmente na provincia ourensá tan só votaron 2 deputados dun total de 9, reducíndose a participación ao 22,2% dos deputados.

Finalmente, se fixésemos unha análise destes datos por filiación política, obteríamos os seguintes resultados: pola Federación Repu-

A Coruña foi a que tivo un maior índice de votos afirmativos entre os deputados presentes no hemiciclo [...]

Temas galegos

LA MUJER GALLEGA, EJEMPLO DE CIUDADANIA

La perplejidad que actualmente nos invade ante el hecho de la sujeción de las mujeres en Galicia, aparece desorientada de la realidad. Una realidad, sin embargo, que nos muestra que la mujer, en esta provincia, es una persona que no debe ser tratada como un objeto de propiedad por la libertad y la justicia.

No. La mujer gallega, que en frente de la ley y de la moral, es una mujer, tiene un alma de hombre, es la "esposa más fiel y heroica de la ciudadanía gallega. No es un objeto de propiedad de la res-

ponsabilidad cívica que ella, nada con más espíritu de rebeldía frente a las oligarquías caciquiles que han convertido al vivir de las mujeres en un trabajo, nada con más acendrado fervor galleguista que esta mujer, "mujer de mar y de tierra".

En todos los hechos de la democracia frente al absolutismo y la opresión que hubiera habido antes de la dignidad de Galicia durante los tiempos de la Monarquía, la mujer gallega dio más de un ejemplo de ejemplo: ejemplo de ciudadanía. Políticamente, puede afirmarse que las mujeres de nuestras campañas y marismas han votado con más fina orientación y más decididamente que ninguna otra.

Cuatro grandes tragedias políticas ha habido en la historia contemporánea de Galicia: Sobrán, Narón, Noya y Guillarín. La mujer gallega actuó tan bruscamente que en todos los hechos heroicos se argumentaron "solamente" víctimas de mujeres, Marista y heroína que luchó valerosa, sobre aquellos mismos campos que ella, indefensa, rugaron con el alarido de la don, formada; mujeres y heroínas que lucharon, víctimas de la opresión de un Estado con el todo queja, dignidad e injusta, demostrando más emoción política, más espíritu de justicia, más valor que los héroes hombres.

¿Qué va, pues, a votar la mu-

jer gallega? La República y la defensa de Galicia. Votará a los defensores de Galicia porque sabe que al hacerlo no defiende más que la libertad y el mejoramiento de sus hijos. Por la República y por Galicia votará la mujer gallega, porque "tiene alma de hombre" y un ímpetu vital y exaltado por la tierra que trabaja y donde mora. Porque lo contrario es suponer que se había vuelto una sencilla cursi y sangolista.

J. C.

CANDIDATURA LIBERAL-DEMOCRATA de Diputados a Cortes por L. U. O. O. don PEDRO BENEDEZ Y GARCIA DE MISTO Notario

DEPUTADOS GALEGOS QUE NON VOTARON NA QUENDA DA APROBACIÓN DO ARTIGO 34

Nome	Circunscrición	Filiación política
Salvador de Madariaga Rojo	A Coruña	Federación Republicana Galega
Alexandro Rodríguez Cadarso	A Coruña	Federación Republicana Galega
Antón Vilar Ponte	A Coruña	Federación Republicana Galega
Emilio González López	A Coruña	Federación Republicana Galega
Roberto Novoa Santos	A Coruña	Federación Republicana Galega
Leandro Pita Romero	A Coruña	Federación Republicana Galega
Benito Blanco Rajoy y Espada	A Coruña	Independente
José Lladó Vallés	Lugo	Independente
Rafael Vega Barrera	Lugo	Partido Radical
Manuel Portela Valladares	Lugo	Independente
Luis Fábrega Coello	Ourense	Partido Radical
Ramón Outeiro Pedraio	Ourense	Frente Republicana Galega (Partido Nazonalista Republicán)
Alfonso Pazos Cid	Ourense	Partido Republicano Radical Socialista
Justo Villanueva Gómez	Ourense	Partido Radical
Manuel Martínez Risco Macías	Ourense	Acción Republicana
José Calvo Sotelo	Ourense	sen clasificar
Alfonso Quintana Peña	Ourense	Partido Socialista Obrero Español
Manuel Varela Radio	Pontevedra	Federación Republicana Galega
Bibiano Fernández Osorio y Tafall	Pontevedra	Federación Republicana Galega
Afonso Rodríguez Castela	Pontevedra	Partido Galeguista de Pontevedra
Ramón Salgado Pérez	Pontevedra	Radical Agrario (Partido Radical)

Co triunfo da aprobación do artigo 34, as mulleres verían recoñecido o seu dereito ao sufraxio activo e pasivo

blicana Galega votaron 5 a favor e 2 en contra (hai que ter en conta a pluralidade ideolóxica interna desta coalición electoral); os 7 deputados socialistas votaron a favor; os 7 do partido radical en contra; os 2 republicanos conservadores votaron a favor; e houbo 1 independente que votou a favor.

Co mencionado triunfo da aprobación do artigo 34, as mulleres verían recoñecido o seu dereito ao sufraxio activo e pasivo. Sen embargo, aínda ficaba pendente a cuestión de cales serían as primeiras eleccións nas que se faría efectivo este dereito, xa que podía ser aprazado polas disposicións adicionais transitorias.

En función destas premisas, o 21 de novembro o deputado de Palencia por Acción Republicana Ma-

tías Peñalba,¹⁶ presentou unha disposición na que se establecía a conveniencia de que o voto da muller non se fixese efectivo nas primeiras eleccións lexislativas, mentres non se tiveran renovado integramente os concellos actuais.

A proposta de Matías Peñalba estaba secundada por 10 deputados pertencentes ás filiacións políticas que máis se posicionaron en contra deste artigo: Radical, Radical-Socialista, e Acción Republicana. Non obstante, houbo algunhas excepcións a este feito, como foi o caso de Ramón María Tenreiro Rodríguez, integrante da Federación Republicana Galega e que deu o seu voto afirmativo á aprobación do artigo 34.

Se analizamos de novo algúns dos debates recollidos nos xornais

galegos destas datas, podemos observar que as opinións a respecto desta disposición eran moi disparas. Así, existen voces que falan do perigo da influencia caciquil nas mulleres, e da súa escasa capacitación para decidir politicamente por si mesmas, mentres que outros negarán estas acusacións. Un exemplo ilustrativo deste último caso sería o seguinte artigo recollido en *El Pueblo Gallego*:

En las postrimerías del debate constitucional hubo un nuevo intento de mermar las atribuciones concedidas a la mujer en materia electoral. Proponían los sostenedores de la enmienda que el voto femenino no se aplicase hasta que fueran renovados totalmente los ayuntamientos...

Las mujeres podrán otorgar su voto equivocadamente; pero siempre lo otorgarán limpiamente, sin venderlo al mejos postor, como suelen hacer muchos hombres.

Desde luego en Galicia el voto femenino será el enterramiento definitivo del caciquismo. A la mujer gallega siempre le sobraron los ánimos cuando los hombres andaban escasos de ellos, en luchas contra los caciques. Son las mujeres gallegas quienes acuden las primeras a los mítines, y alienan a los hombres a sostener la dignidad y a defender las causas justas.

Diríase, por otra parte, que al desconfiar los republicanos del voto de la mujer desconfían de sí mismos, que tienen poca fe en su capacidad y dominio intelectual, puesto que se manifiestan impotentes para contrarrestar en el ánimo de sus familiares femeninos las influencias de otros doctrinarismos contrarios al pensamiento republicano.¹⁷

¹⁶ A esta disposición habería que engadir outra presentada polo Sr. Barriobero que propoñía aprazar o voto para aquelas mulleres que non fosen solteiras ou viúvas, ate transcorridos oito anos logo de ter establecida a nova lei electoral. En CAPEL MARTÍNEZ, R. M., op. cit., p. 197.

¹⁷ «Opiniones. Republicanos y el voto femenino», *El Pueblo Gallego*, 3-XII-1931, p. 1.

OPINIONES

LOS REPUBLICANOS Y EL VOTO FEMENINO

En las postrimerías del debate constitucional hubo un nuevo intento de inermar las atribuciones concedidas a la mujer en materia electoral. Proponían los sostenedores de la enmienda que el voto femenino no se aplicase hasta que fueran renovados totalmente los Ayuntamientos; una próroga que parecía un alivio contra inmediatos y graves males.

Si el voto femenino ha de significar un peligro para el régimen —que no lo creemos— ese peligro se hará más ostensible desde los Ayuntamientos que desde parte alguna. No olvidemos que fueron una elección municipal las que derribaron la monarquía. La enmienda, por lo tanto, carecía, a nuestro entender, de valor práctico alguno. En cambio significaba una prueba más de desconfianza hacia el sexo femenino que éste miraría como una humillación.

Esa conducta de recelo y suspicacia frente a la concesión del voto a la mujer es una política desdichada. Si la mujer fuera enemiga de la República le haría tanto daño sin voto como con él. En todo caso habría que convencerla de su error; pero nunca cortar el camino a la exteriorización de sus opiniones.

Contra el sentir de muchos republicanos que no tienen sosiego desde que se aprobó el artículo 33 de la Constitución, creemos que la concesión del voto a la mujer puede significar la transformación completa de nuestras costumbres políticas, con una intervención más activa y, sobre todo, con una defensa mayor de los derechos de ciudadanía por parte de cada cual.

La mujer, como más apasionada es menos incorruptible, se dedega menos a las "razonas" que se quieren hacer pesar sobre su conciencia.

Las mujeres podrán otorgar su voto equivocadamente; pero siempre le otorgarán limpiamente, sin venderlo al mejor postor, como suelen hacer muchos hombres.

Desde luego en Galicia el voto femenino será el enterramiento definitivo del caciquismo. A la mujer gallega siempre le sobran los ánimos cuando los hombres andaban escasos de ellos, en luchas contra los caciques. Son, las mujeres gallegas, quienes acuden las primeras a los mítines y alientan a los hombres a sostener la dignidad y a defender las causas justas.

Díjase, por otra parte, que, al desconfiar los republicanos del voto de las mujeres, desconfían de sí mismos, que tienen poca fé en su capacidad y donaire intelectual, puesto que se consideran impotentes para contrarrestar en el ánimo de sus familiares femininas las influencias de otros doctrinarios contrarios al pensamiento republicano.

El temor de que el voto femenino influya en el resultado de las elecciones en sentido monárquico o reaccionario es un temor pueril, puesto que esos votos serán contrapesados por los votos de las mujeres republicanas.

En una palabra, el tan temido peligro del voto femenino solo puede ser concebido si los republicanos hacen desfección de su autoridad familiar; pero ya va siendo hora de que muchos republicanos lo sean de verdad y pongan los medios para que lo sean los suyos. Esos republicanos que en las Cortes voceaban contra los jefes; pero confían a dichos jefes la educación de sus hijos, no pueden seguir considerándose como verdaderos republicanos.

Cumplan todos con su deber y los reaccionarios se llevarán el mayor de los desencantos el día que las mujeres hagan uso de sus derechos de ciudadanía en los comicios.

El Pueblo Gallego, 03/12/1931

ce: «No puede consolidarse la República con leyes de excepción, y no es prudente privar a la mujer del ejercicio de los derechos ciudadanos».¹⁸

Así mismo, dado que los partidarios de la aprazamiento deste dereito carecían de argumentos sólidos que lexitimasen a súa posición, repetíronse constantemente as mesmas premisas, ás que como vemos, se refire Clara Campoamor nesta entrevista publicada no *Faro de Vigo*:

Las mujeres pueden, quieren y deben votar. No le quepa a usted duda, y la prueba está en que contra el voto no se han esgrimido aún argumentos serios. Todos dicen lo mismo «que no le interesa la política»..., «que no está preparada»..., «que votará al cura»..., «que es un peligro»... Nada de esto es cierto, y si lo fuera, nadie más que los hombres serían los culpables. ¿Por qué las han tenido sin enterarlas de nada? ¿Por qué no las han apartado de la influencia religiosa?¹⁹

Finalmente, fracasaron as tentativas de condicionar o sufraxio activo da muller, e previsiblemente este feito modificaría en parte o resultado das vindeiras eleccións. As fontes das que dispoñemos ata o de agora aluden a unha presenza notablemente alta de mulleres nos colexios electorais, mais estes datos son referidos fundamentalmente á poboación urbana. Que pasou na Galiza rural? Ante a falta de maiores estudos, isto segue a ser unha incógnita. ☞

Cando esta disposición adicional se someteu a votación, a opinión dos deputados galegos presentes nestes debates estivo dividida, incluso dentro dos integrantes dun mesmo partido. Entre os partidarios de non aprazar o voto fe-

minino atopábase Gómez Paratcha, do Partido Republicano Galego, cuxa opinión aparece reflectida na prensa:

El señor Gómez Paratcha, por la minoría gallega, elogia a la mujer de su país, entusiasta republicana, y di-

¹⁸ *EL Pueblo Gallego*, 2/XI/1931, p.2.

¹⁹ «Las mujeres tienen prisa por votar. ¿A quien van a votar las mujeres?», *Faro de Vigo*, 1/II/1931, p.1.



Encontro internacional da **Marcha Mundial das Mulleres en Vigo**





☞ ZÉLIA GARCIA

A Marcha Mundial das Mulleres, baixo o lema «Mulleres en Marcha até que todas sexamos libres», organizou un encontro internacional que culminaba cunha masiva manifestación polas rúas de Vigo o 19 de outubro. Achegamos crónica fotográfica desta mobilización, así como un resumo das actuacións, debates e demais actos públicos que se realizaron nestas xornadas feministas na comarca de Vigo.

A manifestación saíu da praza do Concello de Vigo, baixo o lema «Marcha con nós para mudar do mundo», e percorreu as rúas do centro desta cidade até a Estación Marítima.

No seu comezo tivo lugar a construción dun Milladoiro coa participación de todas as delegadas da Marcha Mundial das Mulleres. Este milladoiro ten un valor simbólico, e foron tres mozas da Escola de Belas Artes quen crearon este proxecto artístico. Nesta *performance* participaron Uxía Pedreira e Nut Teatro.

Esta mobilización estivo marcada pola cor que encheu as rúas de Vigo, así como polo ambiente lúdico e festivo da mesma, desde o comezo até o final da mesma. A marcha partiu da praza do Rei ás doce e media do mediodía e rematou na explanada da Estación Marítima. Puideron lerse faixas reclamando o aborto gratuíto na sanidade pública, a fin da violencia contra as mulleres e o acceso á alimentación de todos os pobos.

Ao remate da marcha tomaron a palabra representantes da MMM de Galiza, Filipinas, Malí e Brasil, para esixir «a fin das guerras, do capitalismo e do patriarcado machista», á vez que lembraron que «as mulleres deben seguir en marcha até que todas sexan libres».

Despois da manifestación continuou o encontro e a festa na feira da soberanía alimentaria situada na praza de Estrela.

Encontro internacional da MMM

Mulleres en marcha até que todas sexamos libres! é o lema que tivo o VII Encontro Internacional da Marcha Mundial das Mulleres que se celebrou desde o 14 de outubro,



nesta ocasión na Galiza, sendo destacábel o feito de que este é o primeiro Encontro Internacional da Marcha Mundial das Mulleres celebrado en Europa.

Son catro os bloques de acción que foron obxecto de debate ao longo destes días: paz e antimilitarismo, ben común e acceso aos recursos, violencia contra as mulleres, traballo das mulleres.

Os obxectivos marcados pola coordinadora internacional para estes días de debate son moi ambiciosos; ademais da definición da acción mundial para o 2010, fíxose unha reflexión e análise dos desafíos actuais do movemento feminista, e esta análise non foi allea á situación actual de crecente militarización do mundo, o avance do neoliberalismo co consecuente empobrecemento dos pobos e o renacemento dos integristas relixiosos.

A manifestación saíu da praza do Concello de Vigo, baixo o lema «Marcha con nós para mudar do mundo»

Delegadas dos cinco continentes

Neste encontro participaron delegadas dos cinco continentes: Asia (Bangladesh, Nepal, India, Filipinas), África (Malí, Burkina Faso, Congo, Ruanda, Burundi, Costa de Marfil, Senegal, Tunisia, Benín, África do Sur, Gambia, Gana, Mozambique, os Azores), Latinoamérica (Arxentina, Bolivia, Brasil, Chile, Colombia, Costa Rica, Cuba, Ecuador, O Salvador, Guatemala, Haití, México, Perú), América do Norte (Estados Unidos, Canadá, Quebec), Oriente Medio: Marrocos, Palestina, Sáhara Occidental, Pakistán, Turquía), Europa (Bélxica, Cataluña, España, Francia, Galiza, Grecia, Italia, Euskal Herria, Portugal, Suíza, Chipre).

Feira de encontro, lecer e debate

No contexto deste encontro internacional, tivo lugar tamén a Feira da Soberanía Alimentaria, que se celebrou o 18 e 19 de outubro, desde as 11 da mañá, na praza da

Estrela en Vigo. Con esta feira, a Marcha Mundial das Mulleres xerou un espazo para o debate sobre os principios nos que está baseado o dereito dos pobos á súa soberanía alimentaria, que se concreta no dereito a producir as comunidades o seu propio modelo alimentario baseado na produción e consumo a través do mercado local, con prezos xustos, comercio en pé de igualdade e respecto pola terra e os seus recursos como a auga ou as sementes, e tendo como piar o recoñecemento do traballo das mulleres. A feira contou con 3 carpas, unha de colectivos e proxectos, outra para debates e proxeccións, e unha terceira que foi o punto de encontro e festa, no que se desenvolveron distintas actuacións.

Foro Internacional de Soberanía Alimentaria

O sábado 18 de outubro, no Auditorio Caixanova, tivo lugar o Foro Internacional de Soberanía Alimentaria, que propiciou o debate e a reflexión sobre a perspectiva feminista nos principios da sobe-





ranía alimentaria. Este foro tivo dúas partes, unha primeira na que a través dunha palestra participada por Gladys Alfaro (México), Lidia Senra (Galiza) e Irene León (Ecuador) se presentou a soberanía alimentaria como unha saída para os pobos, e un instrumento de acción para as mulleres, e unha segunda parte onde se explicaron experiencias concretas.

Os centos de persoas que encheron o Auditorio tiveron ocasión de participar a través das súas preguntas e suxestións.

Todas as intervencións coincidiron en que se están construíndo

novas relacións entre a agricultura e as mulleres, que se está a valorizar o coidado, o traballo reprodutivo e que con toda esa reflexión quizá se estea redefinindo o feminismo.

As feministas novas

A conferencia «Feministas novas: Novas perspectivas do feminismo internacional», que tivo lugar no domingo 19, no Centro Social Caixanova, contou coa participación de representantes das coordinadoras nacionais do Brasil, Quebec, Haití, Galiza e Portu-

gal, así como do colectivo feminista As Lerchas de Ourense. As oradoras expuxeron as súas visións sobre o feminismo, as diferenzas entre xeracións de feministas e mostraron o seu interese en desenvolver unha axenda de actividades de formación e debate específica para as mozas. No debate que seguiu xurdiron temas moi interesantes, como por exemplo a cuestión dos límites entre cultura e dereitos das mulleres, o maternalismo como forma de bloqueo no poder decisorio das máis novas, e a institucionalización dos movementos sociais e feministas. 6



arquitecto e es coleo



Mulleres, Arquitectura e Espazo Colectivo


Coordina: **Clara Brea**

Escala é unha das palabras que entrou no meu vocabulario cando a arquitectura, a construción e o urbanismo formaron parte da miña actividade profesional. Foi tamén a palabra que me roldaba cando me ofreceron a coordinación deste dossier de *Andaina*.

A que escala abordar o tema de «mulleres, arquitectura e espazo colectivo»? A primeira opción foi a *grande escala*, grandes nomes, grandes temas, grandes contornas. Pero deixándome levar polo que coñecía, decateime de que a grande escala xa estaba en moitos artigos e libros, coñecía e podía acceder a outras mulleres e outros proxectos de menor escala aparente, non menor por calidade, senón por repercusión.

A intención de este dossier é destacar a arquitectura feita por mulleres e as mulleres que traballan para e coa arquitectura. Busquei no meu redor e atopei as colaboradoras deste especial: un estudo de arquitectura formado por dúas arquitectas; unha arquitecta que se dedica á investigación; dúas arquitectas, recentes colexiadas, comezando a súa andadura profesional e compaxinando os proxectos e visitas de obra coa ampliación da súa formación académica.

Que saíu deste encontro? pois estes tres capítulos: unha reflexión sobre a percepción dos espazos naturais e os arquitectónicos, un proxecto de reurbanización dun espazo urbano, e a visión de dúas arquitectas mozas. Estas son as pequenas escalas e os nomes non tan coñecidos, pero que están levando a cabo traballos de grande e diversa escala.

Pola miña profesión, bibliotecaria e documentalista, nunha biblioteca especializada en arquitectura, non podía faltar un apunte bibliográfico final que axude a todas e todos aqueles con interese por ampliar información sobre este tema. 

Muller no baño

CRUZ LOUZAO*
MARIOLA FORTUÑO*

Durante unha conversa nunha cafetería, sentadas nunha praza de Barcelona, falabamos de cara a onde dirixir o artigo que debía tratar das nosas experiencias como mozas arquitectas. Isto implicaba non poder separar a arquitecta profesional do feito de ser muller, e ter unha visión crítica co que acontece ao noso redor na cidade, nas súas rúas e nos seus predios.

Dúas cousas quedáronnos gravadas ao tentar lembrar as nosas experiencias como mulleres nas escolas técnicas superiores de Arquitectura de Barcelona e de Valencia en relación ao xénero:

▶ A primeira, a gran diferenza no número entre arquitectas e arquitectos catedráticos e tamén nas poucas arquitectas recoñecidas que son materia de estudo.

* Cruz Louzao Pernas

Arquitecta pola Escola Técnica Superior de arquitectura de Barcelona dende novembro de 2006.

Nada en Santiago de Compostela. Interesada en facer Arquitectura ao servizo das persoas, da sociedade e do ben común. Actualmente estudante do Máster de Arquitectura da Paisaxe da Fundación UPC, en Barcelona, movida polo seu interese de protexer o medio natural, xestionalo, preservalo.

* Mariola Fortuño Bort

Arquitecta pola Escuela Técnica Superior de Arquitectura de Valencia dende o ano 2006.

Nada en Vila-real (Castellón). Arquitecta sensibilizada pola paisaxe e inqueda por descubrir o mundo dende a perspectiva de xénero dende moito antes. Realiza traballos relacionados co urbanismo e a participación cidadá. Membro da Agrupación de Arquitectes pel Paisatge do COACV e da asociación Gatosa de Godella (Valencia) coa que traballou en talleres e actividades que recollen a complexidade de xénero. Actualmente estuda o Máster de Arquitectura da Paisaxe da Fundación UPC, en Barcelona.



Alguns espazos deseñados por mulleres urbanistas si inclúen os baños. Quizais polo feito de ter sido durante anos as encargadas do coidado cara aos demais

Claro, tras chegar da escola de Valencia, onde tínhamos total liberdade para entrar en lavabos colectivos que compartíamos os dous sexos e que nos parecía avanzado e modernísimo, veu a decepción ao descubrir, nesta conversa, que se trataba de redutos do pasado, de espazos que nunca tiveron previsto acollernos.

Coas reformas, as dúas escolas adoptaron criterios diferentes para adecuar os lavabos, a primeira, que en principio os diferenciaba segundo os sexos, unificándoos, e a segunda retornando á xa acostumada separación para mozos e mozas.

«A arquitectura sempre foi expresión, mesmo a través das súas contradicións, da clase dirixente do seu tempo, posto que debido os seus determinantes político-económicos non é imaxinable unha arquitectura de oposición. A arquitectura é o reflexo da clase dirixente do seu pobo».¹

O detalle dos lavabos da escola de arquitectura é un sinal de como estes espazos poden condicionarnos.

Noutros edificios públicos a separación dos baños por sexos esténdese ademais a unha diferenciación no seu deseño, xa non se trata só de adaptalo a un uso fisioloxicamente diferente, senón que recolle outros aspectos como o do coidado dos nenos. Os vestiarios normalmente encóntranse nos lavabos de mulleres, porque aínda se lles atribúe esta función case exclusiva de atención cara aos fillos. Os baños para persoas discapacitadas tenden a se encontrar nos aseos femininos cando por falta de espazo non poden dispoñerse nos

dous; quizais este feito poderíase explicar tamén neste coidado das mulleres cara a outros familiares ao seu cargo, ou porque nos aseos masculinos os urinarios están máis expostos visualmente. Desta maneira, constrúen un lugar que condiciona o noso comportamento e forma de vida e divide identidades de xénero. «En todas as actividades humanas están presentes os modos e as relacións de produción material, que condicionan a vida social, os valores culturais e formas de pensar e de estruturarnos, a través da división do traballo, as clases sociais, as formas de familia e as identidades de xénero que estipulan, entre outras cousas, o uso e valor diferenciado do espazo».²

Os espazos que habitamos inflúen no noso comportamento, nas relacións que establecemos co entorno e na nosa calidade de vida.

Se estiramos a nosa reflexión cara ao espazo público urbano, revélase que a cidade se constrúe ignorando o comportamento ou as necesidades específicas dunha gran parte dos seus habitantes. O feito da inexistencia de lavabos en parques e prazas que utiliza a xente anciá, os nenos e mulleres xestantes, entre outros, evidencia que os que pensaron o seu deseño non contemplan a diversidade de necesidades dos usuarios nestes lugares.

► A segunda, os baños. A escola de Barcelona actualmente consta de dous edificios, o vello e a posterior ampliación. No primeiro, as mulleres tínhamos unha tarefa máis difícil, ou mellor dito longa, para encontrar un baño. No edificio orixinal, que durante décadas foi a única sede da escola, só tínhamos lavabos femininos no primeiro e no cuarto andar. Cando preguntabas o porqué, a resposta sempre era: «a arquitectura foi unha carreira de homes».

¹ ANDERSON, S., M. CACCIARI e outros (1989): *Adolf Loos*, Barcelona, Stylos, p. 20.

² CEVEIDO, Mónica (2003): *Arquitectura y género*, Barcelona, Icaria, p. 12.

Algúns exemplos de espazos deseñados por mulleres urbanistas si inclúen os baños. Quizais polo feito de ter sido durante anos as encargadas do coidado cara aos demais, entenderon perfectamente que hai outros cidadáns que necesitan un baño accesíbel e próximo aos lugares da cidade que utilizan. Para os cativos que están aprendendo a controlar as súas urxencias e para os anciáns e anciás que, da mesma maneira que nos seus


de saúde lles impiden pasar tempo fóra da casa, e quedan condenadas ao confinamento nos seus fogares ou á dependencia dos demais, porque o deseño da cidade é alleo ás súas necesidades e non está pensado para elas.

Cando se fala de arquitectura e xénero, falamos de detectar a inexistencia da muller na toma de decisións para a creación das cidades e os seus predios. E lévanos a preguntarnos se non se perderon oportu-

pre estivo ao servizo dos demais. A súa forma de ver as cousas e a visión de todos os que viven a cidade pode aportar unha complexidade necesaria para se adecuar aos diferentes modelos de convivencia e formas de vida; isto beneficiaría a todas e todos e faríaa máis humana e máis habitábel.

Canta máis diversidade de modos de ver inclúa o proxecto máis rico e máis adecuado para todos e todas. Se esta diversidade estivese desde o principio no deseño dos baños, serían diferentes? Por exemplo: a bañeira, que pode ser adecuada para bañar a nenos e nenas e non o é para persoas maiores. Por que non se fan baños flexíbeis?

O baño en todas as épocas representou o privado, delimita o espazo da intimidade, un espazo e un tempo reservado ao persoal



percorridos cotiáns necesitan un banco que lles permita descansar até chegar ao parque, ao centro de día, ao ambulatorio, etc., os aseos públicos suporían tamén unha axuda para a súa liberdade de movementos. Incluso en determinados casos son indispensábeis para algunhas persoas cuxos problemas

tunidades na arquitectura, sempre reducida ao enfoque do xénero masculino.

A muller non pode desinhibirse de todo o aprendido nunha sociedade que lle lembra en todo momento cal ten que ser o seu comportamento e as súas dedicacións, e que o seu espazo e tempo sem-

Con materiais que non escorran, con posibilidade de cambios en función dos seus habitantes, etc. É adecuado o deseño do inodoro para ambos sexos?, e para anciáns?, e para a xente con problemas de accesibilidade?

O baño aparece na vivenda ou integrado na edificación no século

XIX. Xorde a partir da divulgación dos novos ideais hixiénicos da época que levan o ser humano a buscar a intimidade para realizar a limpeza total do seu corpo. Nace así un cuarto privado que acolle estas prácticas. O sintagma *cuarto de aseo* aparece no ano 1870 e a peza do inodoro confórmase como unha peza ancorada, resultado da crecente industrialización e mecanización características do momento. Ao principio o retrete sitúase nunha posición marxinal, separado da actividade do baño, pouco a pouco irán agrupándose nun espazo común. Esta nova dependencia enténdese para beneficio de varios, mais con uso non simultáneo.

Nalgunhas culturas este espazo non se recolle dentro do fogar habitábel e se exclúe e relega ao exterior, máis vinculado ao ar libre e á natureza, como ocorre na tradición xaponesa.

Na cultura bubí (Guinea Ecuatorial) a vivenda tradicional *djovo* consta de cocíña e dormitorio, responde exclusivamente ás necesidades máis básicas da habitabilidade. A cocíña é o espazo máis grande e onde teñen lugar as relacións sociais, aínda que a vida bubí se desenvolve, en gran medida, no exterior da vivenda como unha continuidade da cocíña.³

Neste caso, as necesidades fisiolóxicas resolveríanse no exterior e o baño nin sequera forma parte do feito de habitar.


O baño no ámbito doméstico é un espazo alleo á mirada, un lugar privado e de uso individual e solitario, cun deseño ríxido e específico, tanto do lugar como dos seus obxectos. En ocasións, pode ser refuxio para a soidade sen necesidade de dar explicacións. Quizais para algunha muller que non encontrase un espazo propio na casa fose a súa única posibilidade de intimidade. É un espazo compartido por toda a xente da casa, que utilizamos de maneira solitaria e que, sen se tratar dun espazo propio, proporcionanos un tempo propio.

«O baño en todas as épocas representou o privado, delimita o espazo da intimidade, un espazo e un tempo reservado ao persoal. Lugar de hixiene, e talvez un dos poucos espazos onde a muller (previo ferrollo) atopa privacidade por momentos, até que alguén chame á porta...».⁴

Porén, nalgúns predios públicos a coincidencia de varias persoas non resulta tan estraña nin incómoda, está aceptada. En discotecas, por exemplo, convértese no lugar de conversas e de diversas relacións persoais. Nos institutos enténdense a miúdo como espazos de liberdade onde corren os segredos a voces, ou espazos de subversión onde ocultar o prohibido.

Ao lanzar unha mirada á representación dos usos do baño, encontramos que frecuentemente se caricaturiza o comportamento dos

diferentes sexos neste espazo. Así se lle atribúe á muller un uso dedicado á atención do seu corpo e ao coidado pola beleza, un labor rigorosamente privado como se dunha vocación *natural* se tratase. O home, no entanto, utilizaríao como un lugar de tempo propio, de lectura e de relaxación.

Outras representacións no mundo da arte inspíranse no tema da *muller no baño*, desde *El baño de Venus* até algúns artistas pop, como Roy Lichtenstein, pasando por coñecidos artistas como Antonio López, J. Auguste Dominique Ingres, Pierre Bonnard, entre outros. En todos aparece ou suxírese o coidado do corpo feminino nu, e ten sido un tema moi recorrente. Botero equilibra a súa obra e atreveuse a dar as súas versións, ademais da súa *Muller no baño*, ofrécenos a súa obra xemelga, o *Home no baño*. 

³ FERNÁNDEZ MORENO, Nuria (1995): «Una aproximación antropológica al origen de los espacios segregados», en *CIUDAD y mujer. Actas del curso Urbanismo y Mujer. Nuevas visiones del espacio público y privado* (Málaga 1993-Toledo 1994), Madrid, Seminario Permanente 'Ciudad y Mujer'.

⁴ CEVEIDO, Mónica (2003): *Arquitectura y género*, Barcelona, Icaria, p. 12.

Outras fontes, VIGARELLO, Georges (1988): «Higiene e intimidad del baño. Las formas de la limpieza corporal», *Arquitectura Viva*, núm. 14, pp. 25-32.





A praza Roxa

Un proxecto de reurbanización
dun espazo público urbano

CLARA BREA

As arquitectas Cristina Ouzande e Cristina Ezcurra foron as encargadas dunha das intervencións máis importantes nos espazos públicos urbanos de Santiago de Compostela, a praza Roxa.

Empezan a non ser estraños os estudos de arquitectura formados só por arquitectas, pero en Galicia aínda non é habitual que estes estudos leven a cabo un proxecto desta envergadura.

Cristina Ouzande cóntanos como se pensou, planificou e desenvolveu este proxecto.

CB: Cal era o ámbito non que se tiña que desenvolver este proxecto?

CO: O proxecto comprendía tres partes ben diferenciadas, aínda que conectadas fisicamente: a praza Roxa, a praza dos Agros de Ramírez e as rúas adxacentes a estas.

Estes espazos están situados no ensanche compostelán, desenvolvido entre os anos sesenta e setenta, froito dunha especulación moi dura, co resultado dun crecemento urbano sen zonas verdes e como únicos espazos públicos as dúas prazas e as rúas, dedicadas na maior parte da súa superficie ao tráfico rodado.

CB: Era esta a primeira intervención na praza Roxa?

CO: Non, fora remodelada en varias ocasións e por última vez nos anos oitenta. Agora atopábase deteriorada polo uso, ao igual que a praza dos Agros de Ramírez, onde se situaba un parque infantil que tamén necesitaba ser renovado e adaptado á nova lexislación. No ano 2002, propónse a construción dun aparcamento subterráneo que ocupa as dúas prazas e polo tanto faise imprescindible a demolición e reconstrución destas.

Varias eran as dificultades de partida do proxecto, un contorno de edificios moi altos, moi densos, con moi pouca calidade arquitectónica na praza Roxa e un conxunto de edificacións en Agros de Ramírez, promovidas polo Ministerio da Vivenda a principios dos sesenta, proxectadas como unha



unidade, cunha implantación moito máis acertada e unha escala moito máis amábel que as anteriores. A primeira das prazas, practicamente circular, é case plana, nela conflúen cinco rúas ademais da conexión con Agros de Ramírez. A segunda é rectangular, con dous niveis e unha diferenza de altura entre eles de 1,70 m. A todo isto únense todos os condicionantes que impón apoiarse nun forxado e non en terreo natural, así como as servidumes que significan as ventilacións e os accesos dun aparcamento.

Ademais destas premisas o concello pedía unha fervenza vertendo cara á praza Roxa dende a costa das Camelias, como alusión a un curso de auga que discorrese por esta zona, a recolocación do parque infantil en Agros, unha porción de praza libre coa superficie suficiente para a colocación dunha carpa para eventos puntuais e o trazado dunha vía que atravesaba a praza Roxa dun lado a outro.

CB: Cal foi a vosa proposta á hora de elaborar o proxecto?

CO: A praza Roxa formúlase como un espazo practicamente diáfano, con algúns elementos de mobiliario, poucos, que permiten descansar, estar a cuberto, escoitar, ver, é dicir, gozar do espazo. Búscanse a orde e a limpeza, alongar perspectivas, abrir un espazo que se nos antolla moi pechado, descentralizalo, que se prolongue a través das rúas e da praza de Agros.

No ano 2002, propónse a construción dun aparcamento subterráneo que ocupa as dúas prazas e polo tanto faise imprescindible a demolición e reconstrución destas



CB: As marquesiñas foron obxecto de moitas interpretacións, de onde parte a idea?

CO: As marquesiñas xorden da necesidade de buscar unha escala máis humana respecto aos edificios circundantes e para crear espazos protexidos da chuvia e o sol. Son pezas metálicas, lixeiras, que se apoian sobre piares. Serven tamén como elemento unificador ao recoller baixo elas as entradas do aparcamento subterráneo, as papeleiras, as cabinas de teléfonos, etc.

As marquesiñas xorden da necesidade de buscar unha escala máis humana respecto aos edificios circundantes e para crear espazos protexidos da chuvia e o sol



CB: A forma é curiosa, cal é a súa orixe?

CO: A súa forma, xurdiu da discusión de cal sería o mellor xeito de desaugalas, e o mellor xeito resultou ser o xeito no que desaugan as follas das árbores, por unha punta.

A súa altura determinárona as ventás dos primeiros pisos, non se podían interromper as vistas, a súa posición dentro da praza, o interese por xerar un percorrido cuberto a través desta. A súa inclinación determinouna a velocidade idónea para o baleirado da auga e o xogo de sol e sombra sobre o banco corrido baixo estas; sempre a metade ao sol e a metade á sombra; no inverno recibe a sombra da marquesiña que ten diante, no verán, da que ten enriba.

CB: Outro dous elementos que destacan na praza é a ferverza, dicías que era unha premisa do proxecto.

CO: Si, era unha condición de partida que establecía o concello.

A auga ten grande importancia como elemento formal. A cascada a forma unha lámina ondulada de mármore, que se desenvolve todo ao longo da costa das Camelias sobre a que se desliza unha lámina de auga duns 3 cm de espesor que cae por gravidade, aproveitando a forte pendente da rúa, funciona como un elemento sensitivo de son, luz, cor, brillo... Xa na praza, o estanque serve como elemento separador do tráfico e aprovéitase para sacar a ventilación do aparcamento.



CB: E a praza de Agros de Ramírez, cal foi o tratamento, a importancia do espazo infantil?

CO: En Agros de Ramírez había que resolver un parque infantil que formaba parte do proxecto. Existía unha conexión visual entre as dúas prazas, de maneira que o xardín que se xerara en Agros podería funcionar como desafogo visual. Recuperábase o espazo de xogo e constrúese un xardín e un espazo de estar e de paseo.

Partindo de pouca superficie querease conseguir a impresión de estar nun xardín grande, con moita vexetación, moitos percorridos posibles e múltiples estanzas. Para iso recórrese aos montículos verdes. Deste xeito o xardín está en horizontal e en vertical, a superficie duplícase. Á súa vez, xeran, unha sucesión de espazos separados e percorridos case labirínticos onde se colocan os xogos infantís ordenándoos por idades. O acceso a calquera destas zonas pódese facer a pé.

CB: En canto aos elementos como o arboredo, iluminación, mobiliario urbano das rúas, cal foi o criterio para escollelo?

CO: O arboredo é fundamental nunha praza de obrigada dureza pola existencia do aparcamento subterráneo. Reservouse unha zona coa profundidade de terra suficiente para plantar árbores de folla caduca, *Pyrus malus*, e perenne, *Photinia fraseri* – ‘Rede Robin’, de bo porte e á distancia necesaria para non producir sombra nin sacar vistas ás vivendas. Buscábase dar cor durante todo o ano e ao mesmo tempo ver o paso das estacións. Na costa das Camelias, recuperáronse as camelias orixinais que lle dan nome.

Os bancos son de dous tipos, un lineal de gran tamaño, formado por unha lousa de pedra sobre



patas metálicas, situado debaixo dunha das marquesiñas, pódese usar dende ámbolos dous lados e a diferentes alturas. Outros illados, con respaldo ou sen el, simplemente apoiados, para facilitar a súa reubicación se fose necesario facer sitio a algunha instalación temporal; suficientemente pesados para que non os mova a *movida* nocturna.

Ás luminarias son algo que está, pero non se ve, ao eliminar o que podería resultar un exceso de báculos. A iluminación faise dende as fachadas, a excepción de catro mastros que se colocan en puntos centrais das dúas prazas e uns pequenos elementos encaixados que iluminan árbores e bancos.

As rúas son dun só carril, para conseguir beirarrúas máis anchas; incorpóranse zonas de carga e descarga e nalgúns casos carril bus. Elimínanse os

O arboredo é fundamental nunha praza de obrigada dureza pola existencia do aparcamento subterráneo

colectores de lixos da superficie mediante o seu soterramento.


Nas beirarrúas, e próximos ao bordo, alíñanse nunha secuencia luminarias e árbores respectivamente, son o axardinamento e a iluminación da rúa, pero tamén o obstáculo para que os vehículos non suban ás beirarrúas.



CB: Vemos que é un proxecto moi estudado. Ás veces parece que estes espazos son meras escenografías e que o único valor é o estético.

CO: Efectivamente, pretendeuse buscar unha praza habitábel, tendo en conta as necesidades da xente que a ía usar e procurando un bo funcionamento. Crear espazos con posibilidades de uso individual ou colectivo, xerar zonas con calidades diferentes de luz, de sombra, cubertas e descubertas.

Como se parte dun espazo pequeno evitáronse os elementos que xerasen partición, non dividir o espazo, pero si conseguir ambientes e currunchos con calidades diferentes.

Independentemente de que se puidese optar por unha solución formal diferente, é certo que a praza funciona, que a xente a usa. 



O lugar e os sentidos: Natureza e arquitectura

 CRUZ LÓPEZ VISO*

1. Percepción do espazo na natureza

O espazo dentro do bosque é húmido e táctil.

Ao achegarme descalza ao borde da auga a atención agudízase, sinto nas plantas dos pés a terra vibrante, porosa e cálida.

A luz do solpor fractura o sentido de verticalidade e obriga a ollar en escorzo.

A cúpula arborescente criba ese efecto e funciona como unha celosía.

A corporeidade da luz vai tallando o espazo do bosque.

O po suspenso, os pequenos insectos voadores fan da luz un elemento case tanxíbel.

O ar transfigúrase en feixes de luz.

O son amplifica a quietude e o espazo transfórmase. O movemento da auga xea a axitación das árbores que atenúan o vento e actívase o olfacto. A auga ten olor, transparéntase e escurece transformando os reflectidos co seu tremor.

A intensidade das sensacións implica que todo o espazo se carga dunha atmosfera que envolve o corpo.

Móvome preto da auga, seguindo a canle do río, primeiro contra corrente. A corrente discorre saltando e nós ascendemos, os nosos vectores de movemento son contrarios. O camiño oscila sobre o

* Cruz López Viso Moráis

Arquitecta pola Escuela Técnica Superior de Arquitectura de Madrid, dende 1990.

Exploradora de campos cuxos límites se cruzan: fotografía que xera imaxes intervidas dixitalmente, augadas sobre papel e arquitectura sentida dende o análise intelectual.

Realiza estudos de doutoramento en ETSAM, dentro do departamento de proxectos, e desenvolve a súa tese en torno á última etapa creativa de Luis Barragán, con extensións a outros arquitectos que constrúen dende a sensibilidade á intersección entre arquitectura e natureza.

Viaxa a México DF en xuño do 2007 para analizar a obra de Barragán no seu contexto.

río, as árbores cobren o ceo. Os ollos abren o camiño e outean distancia pero a ollada táctil prodúcese nos pés e no peito onde sinto o vibrar do salto como un tambor.

O regreso é distinto. Seguimos o curso do río que nos desliza suavemente cara aos claros do bosque. Os pasos son pequenos e mesurados e os ollos concéntranse no resplandor da auga que achega fragmentos de ceo.

A percepción de formas implica o sentido da vista.

O espazo convoca outros sentidos máis sutís.

Imaxinemos que estamos dentro dunha caverna. Pechamos os ollos. O seu cheiro e a humidade que zumegan as paredes constrúen a estatura do espazo dentro de nós.

Estamos a procesar información non visual.

Dende os sentidos hábitase o lugar intre tras intre.

E só o intre constrúe o tempo por acumulación.

Cada intre é un lenzo vivo onde as lindes se esvaecen e a Natureza entrelázase coa Arquitectura.

2. Arquitectura como revelación do lugar

O espazo faise presenza a través da forma.

Intensifícase e gradúase mediante a materia construída.

Todo o proceso coa complexa rede de variábeis que cómpre conxugar para realizar un proxecto está presente no resultado final, do mesmo modo que as primaveras cristalizan nas montañas e nos vales.

A Natureza carece de vontade, é unha lei de expresión pura.

A Arquitectura materializa a vontade de ser e facer visíbel o invisíbel, o indeterminado, primeiro foi un gorecerse para evolucionar como cultura configurando a nosa medida do territorio, outorgando sentido humano ao espazo.

O territorio é acción, verbo puro.

Estratos concentrados que se mostran aos nosos sentidos.

A experiencia *háptica*¹ do espazo mitiga o sentido da vista e amalgama calidades latexantes que atesouramos dende a pel.

A Arquitectura emerxe do territorio como extensión da Natureza antepoñendo as potencialidades do lugar ao espellismo da forma, onde o valor outorgado ás árbores como presenzas tectónicas, aos eixes cardinais e á paisaxe recibida dende os sentidos dissolve os límites entre interior e exterior.

A Arquitectura emerxe do territorio como extensión da Natureza antepoñendo as potencialidades do lugar ao espellismo da forma [...]


¹ N. das E.: nin o substantivo *háptica* nin o adxectivo *háptico/a* figuran nos dicionarios de lingua; posiblemente a voz 'háptica' proveña do grego *hapthai* (tacto), significando o relativo ao contacto e as sensacións táctiles.



Bosque queimado 2005 (fotografía orixinal de J. M. Rielo)



Imaxe pintada dixitalmente do entorno das fervezas do Barbantiño (C. I. Viso, 2008)



Patio do convento de Talpan de Luis Barragán (C. L. Viso, xuño 2007)

As palabras de María Zambrano aplicadas á Arquitectura interpretan o *concepto de límite impulsado dende o interior do suceso arquitectónico*

A Arquitectura penetra no lugar e transfórmao nun campo magnético vivo, disolvendo os bordes e revelando o lugar.

3. Naturezas do límite na Arquitectura de Luis Barragán

O límite procede dunha causa interna, de dentro, do máis íntimo da vida.

MARÍA ZAMBRANO:
Los sueños y el tiempo.

As palabras de María Zambrano aplicadas á Arquitectura interpretan o *concepto de límite impulsado dende o interior do suceso arquitectónico*.

O límite non é só a demarcación imposta para diferenciar dominios, senón a *radiación exercida polo mag-*

netismo da materia e o seu entrecruzamento co contexto que a sostén.

Os volumes líquidos creados na Alhambra establecen límites sutís onde a forma se desmaterializa no seu reflexo e o son establece un sinal na distancia como rumor, advertencia, e anticipación, ese gradiente sensitivo é un límite en sucesión e non por imposición, onde o sentido da vista se entrelaza co ouvido.

A aparición dun límite intencionado é o primeiro movemento da Arquitectura como creación dun campo magnético vivo que se carga intensamente co primeiro sinal que crea unha discontinuidade no territorio.

A realidade física de México DF é esencial para entender as obras de Barragán.

En México, o sol omnipresente determina a gradación de movementos cara á luz, que na casa-estudo de Tacubaya é matizada mediante filtros que funcionan como superficies refractarias canalizando ese fluxo e mitigando o seu efecto. A materia non está atirantada pero si hai resistencia á fonte de luz que se sitúa extra muros. Barragán convértea en cor neutralizando a visión do exterior.

A luz inténrase suavizada, racionalizada e privada da intensidade que posúe na cidade. É un elemento elaborado dende a parte alta dos muros e mediante amplas fiestras cando o fai dende o xardín.

Os muros como superficies refractarias que mitigan a súa forza, a colocación dos ocos moi meditados e o sentimento do lugar ao que a casa está arraigada determinan o

espazo resultante como vector destas variábeis. O entendemento da luz é unha delas sen engadir a esta análise nada que non sexa rigorosamente tectónico.

Determinados segmentos da obra de Barragán escenifican este contraste que expresan as palabras de Navarro Balldeweg, un *movemento oscilante entre os límites sensíbeis*.

Na obra de Barragán son múltiples as *naturezas do límite* que se presentan, dende o *limiar límite*, mediante o tránsito da luz percibida como penumbra interior, ao límite como filtro, materializado na *celosía-muro* que crea o veo mediante o cal algúns espazos de Barragán se protexen do exterior mediante un burka.

A escuridade da auga

En *O Banquete*, segundo Fedro, os xardíns de Adonis nutríanse coas augas negras cheas de fermentos para estimular a rápida floración das plantas e festexar a Eros. Esas augas eran alimento da terra onde brotaban as máis estrañas flores.

A auga é un elemento presente na arquitectura de Barragán.

Non é preciso recorrer á metáfora para o entender.

Contorno é o espazo comprendido entre uns límites determinados, leva consigo a idea de perímetro, marco dun lugar

A auga é tan tectónica como os seus muros.

Nas obras que eu visitei a auga é escura e preséntase en contedores primitivos. Non é a auga laminar que acompaña a Arquitectura e a reflicte. É a auga escura e viva. Ferdinand Bac di que «a auga leva a luz ás tebras». Na miña percepción de Barragán, a auga son as tebras, o misterio, o absoluto que sinala a súa Arquitectura e o feminino como principio ancestral.

O cuarto sen teito

Josep Lluís Sert denominou o patio interior «cuarto sen teito». Os espazos abertos intercalados na trama da casa son cavidades que van acompañando as estancias e creando un ritmo entre elas, evocando a idea do espazo xaponés que pode concibir fragmentos de natureza minúsculos en lugares impensábeis.

Contorno é o espazo comprendido entre uns límites determinados, leva consigo a idea de perímetro, marco dun lugar.

O contorno é un espazo enmarcado por un observador.

A realidade preséntase ilimitada e aberta. A observación establece un marco e fragmenta un estrato real onde se solapan outras realidades mergulladas que a imaxinación sostén.

Abstraer é transformar o fenómeno observado na súa esencia mediante a depuración das impresións creadas polos sentidos.

As portas dos sentidos son as canles de absorción da realidade, e o espazo interior, o lugar de elaboración da obra. A Arquitectura constrúese dende os sentidos sendo a súa experiencia interior un estado que se trascende deixando en suspenso a percepción para chegar a un absoluto.

A abstracción acádase mediante a disociación da forma e os seus elementos, para os reconstruír con maior pureza e transparencia nunha formulación non contigente. ❹



Patio da Casa Gilardi de Luis Barragán (xuño, 2007)



Tecido en sombras ao mediodía no patio da Casa Gilardi (C. L. Viso, 2007)

Apuntamentos, enlaces e bibliografía

sobre a arquitectura de xénero



Dende os anos oitenta a noventa á arquitectura de xénero empeza a destacar, vese así no número de publicación monográficas dedicadas a mulleres arquitectas e paisaxistas, e no aumento dos encontros, xornadas e congresos que sobre o tema se están a celebrar. Sen ir máis lonxe, no momento de realizar este dossier estanse a preparar dúas xornadas en Galicia: «I Xornadas, En construción: Arquitectura, xénero e cidadanía» (do 30 de outubro ao 1 de novembro de 2008) en Vigo e na Coruña as «I Xornadas de Urbanismo e Xénero: Espazo común», organizadas polo Instituto Azimut, o Concello de A Coruña e a Xunta de Galicia (o 13 e 14 de novembro de 2008).

Unha pequena mostra das asociacións, webs ou libros destacados sobre o tema:

Asociacións e webs

Col-lectiu punt 6. (<http://www.punt6.net>)

Agrupación de composición variable que se preocupa e se interesa en repensar as cidades, os barrios e as arquitecturas para favorecer unha vida sen discriminación de ningún tipo. As mulleres que forman este colectivo proveñen de orixes e experiencias diferentes e tamén de diferentes áreas de coñecemento, predominando as que teñen unha formación académica como arquitectas.

Colectivo de mujeres urbanistas
(<http://guiagenero.mzc.org.es>)

Localizado a través da *Guía de Género*, indican que é un grupo aberto de mulleres vinculadas profesionalmente co mundo da planificación territorial, a xeografía, o urbanismo e a arquitectura. Ofrecen unha gran cantidade de información sobre artigos, libros e xornadas.

Genero urban (www.generourban.org)

Portal do Departamento Genero y Urbanismo da ETSA de Madrid. É un foro aberto sobre a integración da perspectiva de xénero no urbanismo, a planificación urbana e o desenvolvemento local.

La mujer construye
(www.lamujerconstruye.org)

Proxecto cultural aberto, colectivo e solidario, concibido por un grupo de arquitectas españolas cuxo obxectivo é o de apoiar, difundir e promocionar a arquitectura dentro da sociedade, así como reflexionar sobre o papel profesional das mulleres no deseño dos espazos construídos.

É unha web cargada de contidos, de noticias actualizadas, de importantes referencias bibliográficas e enlaces de gran interese sobre o xénero na arquitectura e o urbanismo. O mesmo tempo a asociación que mantén esta web organiza encontros, xornadas, exposición e publicacións.

* Clara Brea

bibliotecaria, actualmente na Biblioteca do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia.

Implicada no mundo da arquitectura e o paisaxismo por afección e profesión. Participante encantada de todo o relacionado coas bibliotecas e a arquitectura por separado ou xuntas. Membro de ABBA, Asociación de Bibliotecas e Bibliotecarios de Arquitectura.

Estudantes no edificio da Bauhaus (Escola de Deseño, Arte e Arquitectura), alá polo 1927. É esta unha imaxe enganosa, parece que a muller como estudante e profesional arquitecta está asentada dende fai tempo, pero eran asignadas aos talleres de tecidos; como norma xeral, era raro que tivesen acceso a outros talleres. No seu prospecto de publicidade a Bauhaus dirixíase ás estudantes femininas deste xeito «Buscas como estudante unha verdadeira igualdade de dereitos?», pero non debía de ser tan real pois poucas eran as que se graduaban ou as que tiñan acceso a totalidade dos departamentos.

Ciudades para un futuro más sostenible (<http://habitat.aq.upm.es/boletin/n7/>)

Boletín da web «Ciudades para un futuro más sostenible» dedicado a «Mujer y Ciudad, una visión de género sobre la vida cotidiana en la ciudad», onde se poden ler e descargar todos os artigos a texto completo.

Libros

España [f.]: *nosotras, las ciudades*. Madrid: Ministerio de Vivienda, 2008.

ESPEL, Carmen. *Heroínas del Espacio. Mujeres Arquitectas en el Movimiento Moderno*. Valencia: Ediciones Generales de la Construcción, 2006.

Publicado coa colaboración da Escuela Técnica Superior de Arquitectura de Valencia, esta obra trata da muller como suxeito da arquitectura e como obxecto desta. Expón a evolución social da muller a través da historia, e como os «dous cromosomas X» interviron na Arquitectura Moderna, centrándose en catro mulleres: Eileen Gray, Lilly Reich, Margaret Schütt-Lihotzky e Charlotte Perriand.



G. CORTÉS, José Miguel. *Políticas del espacio: arquitectura, género y control social*. Barcelona: IAAC (Institut d'Arquitectura Avançada de Catalunya), D.L. 2006.

JORNADA MUJER Y CIUDAD (4ª. 2005. MADRID). *IV Jornada Mujer y Ciudad: la ciudad habitable*. Madrid: Ayuntamiento de Madrid, Área de Gobierno de Empleo y Servicios a la Ciudadanía, Dirección General de Igualdad de Oportunidades, D.L. 2005.



MUXÍ, Zaida. *Mujeres y arquitectura: teoría y práctica de la vivienda = Women and architecture: theory and practice of housing*. En: *Arquitectura*. Madrid: Colegio Oficial de Arquitectos, 2005, nº 340 segundo trimestre; p. 28-37.

SÁNCHEZ DE MADARIAGA, Inés. *Ciudades para las personas género y urbanismo: estado de la cuestión*. Madrid: Instituto de la Mujer, 2004.

Construir en paridad: ciudad, arquitectura, construcción y mujeres: catálogo de exposición. Sevilla: Consejería para la Igualdad y Bienestar Social, Instituto Andaluz de la Mujer, 2004.

CEVEDIO, Mónica. *Arquitectura y género: Espacio público / espacio privado*. Barcelona: Editorial Icària, 2003.

A autora estudia as consecuencias da anulación da participación feminina na creación artística, no desenvolvemento do noso sistema económico e, sobre todo, na arquitectura. Este libro propónos reflexionar sobre o punto de vista masculino ou feminino? con que miramos e creamos tanto homes como mulleres. Defende que, tras anos de marxianización da muller, a ciencia arquitectónica actual foise desenvolvendo por e para os homes, creando espazos que corroboran a desigualdade.



1ª Jornada mujer y ciudad. Madrid: Ayuntamiento de Madrid, 2002.

Mujeres espacio y arquitectura. Castellón de la Plana: Universidad Jaume I, Proyecto Now, 1999.

BOFILL LEVI, Ana. *Las Mujeres y la Ciudad: Libro Blanco para Una Concepción del Entorno Habitado Desde el Punto de Vista del Género*. Barcelona: Fundació Aurèlia Capmany, 1999.

DURÁN, María Ángeles. *La Ciudad compartida: conocimiento, afecto y uso*. Madrid: Consejo Superior de los Colegios de Arquitectos de España, 1998.

HERNÁNDEZ PEZZI, Carlos. *La Ciudad compartida: el género de la arquitectura*. Madrid: Consejo Superior de los Colegios de Arquitectos de España, 1998.

NADA NOS INTERESA
MÁIS QUE O GALEGO.
NIGUÉN NOS INTERESA
MÁIS CA TI

ASÓCIA-TE

A MESA POLA NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA
Campo do Crucero do Baio, 7 - 1º - 15705 Santiago de Compostela - Telf 981 96 38 65 / www.asociateil.org

Nome: _____
Apelidos: _____
Enderezo: _____
C.P.: _____ Localidade: _____
Telf: _____
Cuota anual: | 30,05 euros.
| 12,02 euros. Estudiantes e parados

Caba/Banco Sucursal CC
Ciclo libreta de aforro
Nome da entidade: _____
Enderezo: _____

«Muller,
naturalmente»

Entrevista a

María García Gómez

Vogal de Muller e Medio Ambiente de ADEGA

ESTRELA VILLAVERDE

ADEGA (Asociación para a Defensa Ecolóxica da Galiza) está a desenvolver un programa chamado «Muller, naturalmente», cuxo obxectivo é fomentar o contacto das mulleres do rural co ecoloxismo e fomentar o debate sobre cuestións que teñen que ver co coidado do entorno e da súa calidade de vida. María García Gómez é a responsable do programa.

A: Cántame, dende cando e como xurdiu o de traballar nestes obradoiros?

MG: ADEGA ten un programa de Educación Ambiental con diferentes colectivos –familias, escolares, asociacións...– sobre temas coma o aforro enerxético, a compostaxe, os ríos, No ano 2007 puxémonos en contacto co Servizo Galego de Igualdade, que conta cunha rede de centros e puntos de Información á Muller que ofrecen asistencia xurídica e psicolóxica, formación, actividades de lecer..., e presentámoslle un proxecto de obradoiros de medio ambiente coas mulleres do rural.

A: Cal é a motivación de facer os mesmos, e a que colectivo están principalmente dirixidos?

MG: Un primeiro motivo para emprender este proxecto foi tender unha ponte cara á poboación rural, porque existe bastante incomunicación co ecoloxismo e iso crea frecuentemente conflitos. Ao fin e ao cabo, son eles e elas quen teñen a propiedade do agro, os montes, xestionan a paisaxe, os ríos... Dentro do rural, a muller é activa en moitos ámbitos que teñen que ver co medio ambiente, como a alimentación, a agricultura, o consumo na casa, a educación en valores de fillos e fillas, o asociacionismo... Así que nos parecía fundamental falar con elas. Mais que Educación Ambiental tratábase de coñecernos mutuamente e debater sobre temas que lles afectan a elas (como mulleres que viven no rural) e a nós (dende o punto de vista do ecoloxismo). Queríamos ter unha canle de comunicación para poder contarlles o que pensamos e entender as súas circunstancias e necesidades tamén.

A: Que tipo de actividades e onde se desenvolven en estes obradoiros?

MG: Son tres actividades diferentes: na primeira, «A muller e o coidado do entorno rural», falamos da situación da muller e do medio ambiente en Galicia, da necesidade dun cambio e de pequenos pasos que se poden dar para mellorar esta situación. Normalmente as mulleres escollen temas relacionados co seu entorno vital máis próximo: a casa e a agricultura.

Na segunda, «O medio ambiente coma fonte de emprego», falamos das posibilidades laborais que ofrece o coidado do entorno. E elas fican sorprendidas cando descubren 45 profesións medioambientais. Facelas accesibles ás mulleres é contribuír á mellora da súa calidade de vida, a fixar poboación rural e a previr problemas coma os incendios forestais, que están a carrexar graves consecuencias para todos e todas nós.

Na terceira actividade, que é unha continuación das outras dúas para os grupos que solicitan máis con-



As mulleres marcan as súas actividades cotiás



María co SEPRONA

Un primeiro motivo para emprender este proxecto foi tender unha ponte cara á poboación rural, porque existe bastante incomunicación co ecoloxismo [...]

tidos, afondamos na autoorganización, na necesidade de cooperar e de perseguir os obxectivos que as mulleres se propoñan.

A: Cal foi a resposta aos mesmos, que acollida tiveron, como foron as reaccións das mulleres que acoden?

MG: A resposta foi xeralmente moi boa. As mulleres fican satisfeitas e nós moito máis. A maior dificultade consiste en reunilas cando nese lugar non teñen hábito de facelo. Existen grandes diferenzas entre uns concellos e outros. Unha vez que se xunta o grupo, as actividades gustan e o comentario máis habitual é «durou moi pouco». Dos 13 grupos do último semestre, 8 solicitaron continuidade das actividades, iso abre portas para seguir traballando con elas.



Conducir, coidar a persoas dependentes, facer a compra...



Pandereteiras

Existen grandes diferenzas entre uns concellos e outros. Unha vez que se xunta o grupo, as actividades gustan e o comentario máis habitual é «durou moi pouco»

A: Que anécdota ou vivencia recordas de forma especial?

MG: En cada sitio atopamos mulleres espectaculares, moi loitadoras e con moita vida detrás, é difícil destacar unha experiencia. Un dos mellores momentos foi cando visitamos en Lodoselo o Centro de Desenvolvemento Rural de oViso, unha iniciativa dunha asociación que conseguiu dinamizar as aldeas do Concello de Sarreaus e atender a todo tipo de colectivos con comedores, bibliotecas móbiles, campamentos, ludotecas, albergue, residencia comunitaria, ximnasio para rehabilitación... O grupo ficou impresionado e valoraba a posibilidade de actuaren eles no seu concello. Ese é o mellor froito que se podería obter destas actividades.

A: Traballas como docente dos obradoiros, pero seguro que ademais de ensinar, aprendiches moitas cousas das túas alumnas.

MG: Moitísimas! Dende saberes populares até solidariedade entre a veciñanza, hospitalidade, alegría e bo humor, capacidade de traballo e de aturar adversidades... Son mulleres moi fortes, moitas delas tiveron vidas moi difíciles.


A: Que conclusións podes tirar desta experiencia?

MG: Despois de traballar con 40 grupos de mulleres en outros tantos concellos, a experiencia é que é un colectivo moi receptivo a falar de medio ambiente. Ademais teñen dificultades para saír adiante: máis barreiras para formarse, para traballar, para acceder a toma de decisións. A muller rural ten aínda máis barreiras que as mulleres que viven nas cidades. Iso fai aínda máis importante traballar con elas.

A: Sabes da existencia dalgún proxecto similar noutros lugares fóra da Galiza?


MG: Coido que este tipo de actividades poden ter paralelismos co movemento da soberanía alimentaria e coa reivindicación do papel da muller na produción e consumo de alimentos a escala mundial. Os obxectivos son moi semellantes e compartimos moitas reivindicacións históricas.

A: E xa para rematar, mirando sempre adiante, que proxectos tes ou che gustaría desenvolver no futuro?

MG: Gustaríame afondar na relación que hai entre a actividade da muller e a xestión do territorio. En xeral a muller traballa arreo, mais na vida pública está excluída da toma de decisións sobre o seu entorno. Queríamos propoñer un campo de ensaio para ver que ocorre se integramos a muller nun eido de actuación como son as comunidades de montes. Ao fin e ao cabo, as mulleres son tamén propietarias forestais. Mais neste século XXI que vivimos, aínda nalgúns lugares debe renunciar o home da casa para que a muller poda integrarse nas comunidades de montes. Queremos saber: Son aceptadas? Participan da toma de decisións? Como xestionan os seus recursos? Introducirán novas prácticas que axuden por exemplo a previr os incendios forestais? Estamos impacientes por comprobalo. 

A monfortina Juana Díaz Ferrer e as súas irmás:

AS FILLAS DA VIUVA

 MARISA GONZÁLEZ SEOANE
E BEATRIZ PARGA MASSA*

Un dos temas recorrentes cando se fala de masonería e que máis chama a atención aos que se achen a este tema é a situación das mulleres dentro da súa organización. Resulta anacrónico, entrando xa no século XXI, que existan loxas nas que estea expresamente prohibida a entrada a mulleres, e que a súa admisión sexa tema de debate e controversia aínda hoxe en día.

Pero non sempre foi así, todo parece indicar que a finais do século XIX se empezaba a producir de maneira natural a entrada de mulleres na masonería e, sorprendentemente, atopámonos en Galicia cuns dos primeiros casos documentados da historia no que unha muller, non só participa nun plano de igualdade nunha loxa, senón que ocupa nela cargos de responsabilidade. Trátase da monfortina Juana Díaz Ferrer.

A masonería afunde as súas raíces no medievo, nos construtores das antigas catedrais, pero é a partir do século XVIII cando se comezan a dar os pasos que transforman esta masonería, chamada *operativa*, na masonería moderna, que pasará a denominarse *especulativa*. A masonería moderna xorde cando outras profesións se incorporan á Orde e esta abandona a arte da construción e transfórmase nunha institución cuxa principal finalidade será de tipo ético. Considérase o xurdimento da masonería moderna o ano 1717, cando se funda en Londres a Gran Loxa de Inglaterra. Non se trata agora de construír un *templo de pedra*, senón que o edificio a levantar será a mesma humanidade e a *pedra bruta* será o individuo que irá puíndose en contacto cos demais. A masonería especulativa entón transformarase nunha escola de formación huma-

na e as súas orixes estarán unidas aos principios e ideais da Ilustración e á procura de espazos de encontro nunha atmosfera de tolerancia e fraternidade.

Pero o termo *fraternidade*, que se utiliza comunmente como metáfora dos lazos solidarios que unen a todos os seres humanos, pode dar lugar a equívocos. Aquí, como ocorre na maior parte dos teóricos da Ilustración e o liberalismo político, esta nova fraternidade non vai afectar ás mulleres, será un pacto entre homes: «Non, a muller non é o noso irmán» (S. de Beauvoir,

* As autoras desexan animar aos investigadores/as a recuperar para a nosa historia a todas estas mulleres que practicaron con entusiasmo o exercicio do librepensamento a pesar dos tempos que lles tocou padecer.

O *segundo sexo*). Tamén os homes sometidos (serventes e escravos) quedan excluídos do contrato, só formarán parte del os varóns libres e iguais.

As Constitucións de Anderson de 1723, punto de partida e lei escrita da nova masonería, dinos no artigo III da 2ª parte:

Os membros dunha loxa deben ser homes de ben e leais, nados libres, de idade madura e discreta, nin escravos nin mulleres nin inmorais ou escandalosos, senón de boa reputación.

Desde a súa publicación ate o período que nos ocupa, as últimas décadas do século XIX, prodúcense nas distintas obediencias masónicas diferentes interpretacións do devandito artigo que dependen fundamentalmente das diversas concepcións existentes sobre o papel reservado ás mulleres na nova sociedade. A cuestión da muller ocupa unha atención primordial na masonería, preocupación común a certos sectores liberais e gre-

sistas da época. Unanimemente os ideais de progreso da Orden falan da educación das mulleres como un medio necesario para a súa liberación, pero atopámonos cun abano moi amplo que vai, dende a consideración de que a realización das mulleres ten que darse exclusivamente dentro do reduto familiar, a un feminismo masónico que defendía a plena equiparación en dereitos cos homes, incluído o ámbito moral, político e laboral. Dentro deste último, podemos atopar no territorio español numerosos nomes: Ángeles López de Ayala, Belén Sárraga Ferrero, Amalia Carbia Bernal, Ana Carbia Bernal, Dolores Navas e, sobre todo, Rosario de Acuña Villanueva; algunhas das cales estiveron na orixe das primeiras organizacións feministas españolas. Entre os irmáns masóns que mellor representan este feminismo decimonónico temos ao socialista Fernando Garrido e ao anarquista Anselmo Lorenzo. En 1890, Ángeles López de Ayala escribe:

[...] atopámonos en Galiza cun dos primeiros casos documentados no que unha muller, non só participa nun plano de igualdade nunha loxa, senón que ocupa nela cargos de responsabilidade. Trátase da monfortina Juana Díaz Ferrer

[...] porque hoxe, a muller, segundo acordo de grandes e ilustrados orientes, pode construír loxas cos mesmos dereitos e baixo as mesmas condicións cás dos homes están construídas.

Ante esta cuestión, podemos atopar as seguintes posturas:

► A Gran Loxa de Inglaterra e en xeral a masonería de tendencia anglosaxona ou regular, que non admite as mulleres na orde.

► Case todas as demais obediencias, que empezan a contar con mulleres nas súas loxas ao consideraren que xa non ten vixencia a súa exclusión en razón de *non ser libres*. Esta presenza articularase de dous xeitos:

1. Loxas e cámaras de adopción: a máis frecuente. Estaban compostas exclusivamente por mulleres. Traballaban no rito de adopción e eran tuteladas por unha loxa masculina. En 1774 o gran oriente de Francia (GOF) crea un novo rito, chamado de adopción ou masonería de damas: cada loxa de adopción estaba a cargo e baixo a tutela dunha loxa masculina e só o venerable desta última podía presidila acompañado da mestra presidenta da loxa de adopción.
2. En pé de igualdade coas loxas masculinas. Son casos de mulleres integrando loxas masculinas, posuíndo altos graos e ata ocupando cargos importantes.



Juana Díaz Ferrer será un dos primeiros casos desta última posición. Teremos que situarnos en Monforte, no período que vai desde o ano 1888, cando se establece na cidade do Cabe a primeira loxa, ata 1898, no que se produce unha crise xeneralizada, xa que se lle culpa á masonería da perda das colonias e é duramente desacreditada e perseguida.

A aparición da masonería en Monforte vai estreitamente unida á aparición do ferrocarril: En 1883, inaugurárase na cidade do Cabe a liña férrea Madrid-A Coruña, e obreiros ferroviarios de toda España instálanse aquí traendo as ideas liberais, así como as novas organización sociais e obreiras. En 1885 Monforte contaba xa cunha poboación de 11.000 habitantes.

En maio de 1888 tres masóns da loxa *Moreto* de Lugo pertencentes ao GONE (gran oriente nacional de España) organizan en Monforte unha *tenida* (reunión) con cinco profanos quedando así constituída a primeira sociedade masónica monfortina: a *Píladés 242*. Un ano máis tarde contaba esta xa con 14 membros e, en 1891, último ano da súa existencia tiña 17 asociados, dos cales 12 eran ferroviarios. A desaparición da *Píladés* vai ligada á crise e desaparición da loxa *Moreto* de Lugo e doutras da provincia, tendo como posible causa o cambio de Obediencia: o paso para a orientalista GLSE (Gran Logia Simbólica Española) dependente do GCGI (Gran Consejo General Ibérico). Unha cuestión a ter en conta é a posibilidade de que neste cambio de obediencia influíse a actitude máis aberta dos simbólicos á participación das mulleres.

Membros da *Píladés* e doutras loxas lucenses, defensores da integración na GLSE fundan a *Valle Hermoso 77* (1891) de 13 integrantes, entre eles Juana Díaz Ferrer, de nome simbólico *Mariana*, que ocupa

rá o cargo de *Segundo Vixilante e Es-moleira*. Sucesora da *Valle Hermoso*, a *Unión 98*, operativa desde 1892 ate 1896, estivo integrada por 30 membros, un dos cales era Juana.

Juana Díaz Ferrer era filla dun masón célebre, Antonio Díaz Prado, que axudou a difundir a masonería por toda a comarca de Lemos. Fíxose masona á idade de 21 e anos; máis tarde ocuparía cargos de responsabilidade na Gran Logia Provincial de Lugo. E todo isto dous anos antes de que en 1893 se constituíse en Francia, teoricamente, a primeira loxa masónica mixta da historia co nome de *Droit Humain (Dereito Humano)*.¹

Ante a situación que se produce de facto, a finais do XIX, de mulleres traballando en pé de igualdade nas loxas do Estado español, regúlanse as loxas de adopción: O GONEP en 1891 aproba os Estatutos polos que debían rexerse as súas loxas femininas; o GOE, a través dun decreto un ano máis tarde prohibía expresamente ás mulleres traballaren no REAA (Rito Escocés Antigo e Aceitado) e establecía as Loxas de Adopción; e xa en 1890 a GLRG (Gran Loxa Rexional Galai-ca) facía unha adaptación para as mulleres do REAA.²

As Cámaras e Loxas de Adopción víronse contestadas por algúns irmáns e irmás e obradoiros que preferiron unha Masonería sen discriminación de sexos. Dentro do GCGI (Gran Consejo General Ibérico) a tendencia a superar á Masonería de Adopción debeu ser bastante xeral. Un comentario do Boletín Oficial do GCGI é bastante significativo: «A muller ten dereito a toda a nosa atención, e os Orientalistas quémola ao noso carón, cos mesmos dereitos e deberes cós homes». A loxa *Fillos do traballo* de Barcelona, á que pertencía Anselmo Lorenzo, deixou clara a súa desconformidade cara á masonería de adopción e defen-

deu a igualdade de sexos dentro da loxa. En 1887 dicía:

[...] a Respetable Loxa «Fillos do Traballo», quere asociar á muller á obra masónica, non para tela en estado de adopción e dependencia, coma se fose un menor suxeito a permanente tutela, senón para elevala á categoría de membro activo, recoñecendo á iniciada, igual que aos irmáns do cadro, os mesmos dereitos e os mesmos deberes, porque o pensamento, a virtude, o dereito e o deber, elementos que constitúen a responsabilidade humana e que reunidos forman a xustiza, non teñen sexo e **non poden os masóns de século XIX** aceptar obreiras para construción do edificio moral que a masonería vén construíndo a través dos séculos, sen remuneralas co salario³ correspondente. **6**

Bibliografía:

ÁLVAREZ LÁZARO, Pedro: *La masonería, escuela de formación del ciudadano*, Madrid, Universidad Pontificia de Comillas, 2005.

FERRER BENIMELI, J. A.: *La masonería*, Madrid, Alianza, 2001.

MARTÍNEZ PEREIRA, Carlos: «Muller e res publica», en Emilio GRANDÍO SEOANE (coord.): *República e republicanos en Galicia*, A Coruña, Ate-neo Republicano de Galicia, 2006.

VALÍN FERNÁNDEZ, Alberto: *Galicia y la masonería en el siglo XIX*, Sada, Edicións do Castro, 1990.

¹ *Droit Humain (Dereito Humano)* constitúese como a primeira orden masónica internacional e mixta, pero a existencia de loxas mixtas era práctica habitual no Estado español.

² REAA é o rito maioritario na masonería. Negar a posibilidade de participaren as mulleres no rito é negar de facto a súa participación en pé de igualdade na loxa.

³ O salario é o aumento de grado. O Rito Escocés Antigo e Aceitado vai do grado 1 ao 33.



A polaca

Libros

Myrtha SCHALOM
Grupo Editorial Norma,
Bos Aires, 2003
334 páxinas

PATRICIA ARIAS CHACHERO

Fue muy rudo el desengaño
al saber que te esperaba

Una vida de impudicia que
tu mente ni soñó.

El fantasma de la infamia su
tentáculo cerraba.

Y en los mares de la angustia
tu quimera naufragó

Y en la pública subasta, como
res que va a la feria

Así fuiste, pobrecita, donde un
caften te arrastró.

El camino de Buenos Aires (1928)

Letra do tango: Luis Rubinstein;

música: Francisco Nicolás Pracánico.

Desde finais do século XIX e moi especialmente nas décadas iniciais do século XX, milleiros de emigrantes, moitos deles galegos, desembarcaron no porto de Bos Aires. A maioría logran decontado o que foran buscar, traballo e uns razoables ingresos. Eran anos de bonanza e a chegada desta inxente cantidade de traballadores, moitos solteiros ou instalados na febril cidade sen as súas familias, trouxo aparelada un importantísimo aumento na oferta dos servizos sexuais femininos.

Milleiros de mulleres exercían con liberdade unha actividade regulamentada desde o 5 de setembro de 1875, pola Comisión Municipal. As medidas implantadas a

este respecto, fortemente criticadas desde o comezo, buscaban a persecución da prostitución clandestina e a protección da legal, para o exercicio da cal se esixía un documento sanitario individual e a obrigatoriedade de asistencia a revisións médicas periódicas. Con cambios e reaxustes esta lexislación estivo en vigor durante máis de sesenta anos.

Pero non todo ía ben. *Polaca* ou *Polaquita* eran os alcumes usados polos clientes da Zwi Migdal para referirse ás mulleres que, en réxime de escravitude, traballaban para esta sinistra entidade. A Zwi Migdal foi unha poderosa organización dirixida por xudeus que viña operando na capital desde o 7 de maio de 1906, nun primeiro momento baixo o nome de *Sociedad Israelita de Socorros Mutuos Varsovia*, máis tarde, a partir de 1929, pasaría a constituírse como *Sociedad de Socorros Mutuos Sinagoga y cementerio Migdal* con sede nun luxoso palacete de dúas plantas rodeadas dun fermoso xardín que ocupaba o número 3200 da concorrida avenida Córdoba. Tras a suntuosa cancela da entrada os socios desta entidade dispuñan de sinagoga, un fermoso salón de festas, bar, comedor e sa-

las de velorios. A Migdal posuía ademais un cemiterio privado.

Raquel Liberman (cuxo nome real era Ruchla Laja Liberman) foi a muller que en 1930, denunciou publicamente a esta poderosa organización criminal. Raquel, acompañada dos seus dous pequenos fillos, viaxara a Arxentina desde Polonia en 1922, para reunirse co seu home, un humilde xastre xudeu que un ano e medio antes se establecera en Tapalqué, na provincia de Bos Aires. Ao pouco de chegar a súa muller, Iacov Ferber morreu de tuberculose. Raquel nai viúva e sen recursos, non tardou en ser enganada por un tratante de brancas que a obrigou a prostituírse durante máis de catro anos nun dos moitos lupanares clandestinos xestionados pola Migdal.

Entre as rúas Lavalle e Junín, no corazón do barrio comercial e relixioso dos xudeus, abriran algúns dos máis concorridos locais. El Chorizo, o Gato Negro, Las Esclavas, Marita ou Las Perras eran algúns dos nomes dados a estes establecementos nos que se retiña ás mulleres, sobre todo rusas e polacas, levadas até alí mediante todo tipo enganos. Illadas e sometidas, moitas delas nin sequera falaban

castelán, os seus raptos evitaban aprenderllo recorrendo ao idish para acentuar a incomunicación.

A decidida protagonista desta historia nunca se resignou e tras soportar violacións e malleiras, comezou a aforrar peso a peso até que foi quen de «comprar» a súa liberdade. Pero a poderosa Migdal non estaba disposta a renunciar aos seus servizos. Enganada de novo por un dos seus membros, Raquel protagonizou unha falsa voda ante un falso rabino tras a cal o que cría seu home rouboulle todo o diñeiro que lograra reunir e recluíuna unha vez máis no prostíbulo.

Raquel denunciou os abusos da Zwi Migdal en 1926 e ratificou a súa denuncia catro anos despois. O 20 de maio de 1930 un xoven xuíz apelidado Rodríguez Ocampo, ordenou a captura dos dirixentes da Migdal. Raquel Liberman lograra finalmente acabar con tan corrupto negocio. No momento da súa desarticulación a sociedade xestionaba un total de 192 prostíbulos nos que se calcula chegaron a traballar ao redor de 3000 mulleres, moitas eran apenas adolescentes. Cada unha debía prestar ao redor de 40 servizos sexuais ao día. A importancia económica do negocio é doadamente deducible se se considera que traballaban uns 20 días ao mes, durante doce ho-

ras diarias, de catro da tarde a catro da mañá. Políticos, xuíces, policía e altos cargos institucionais beneficiáronse durante anos das suntuosas coimas (subornos) pagadas por esta organización dirixida por varóns xudeus de respectable aparencia.

O 27 de setembro de 1930 ditouse o procesamento de 108 dos socios da Migdal. En xaneiro do ano seguinte a maioría, un total de 105, foron liberados alegando que non podían demostrarse os abusos denunciados. Os poucos xornais arxentinos que recollen a brutal noticia falan da denunciante como «a muller de vida airada» que sinalou aos «tenebrosos» da sociedade Migdal.

Poucos anos despois, un 7 de abril de 1935, Ruchla Laja Liberman falecía dun cancro de gorxa. A súa familia tardou moito en saber quen fora en realidade. Myrtha Schalom autora deste libro, reconstrúe a trepidante a historia desta decidida muller que soubo enfrontarse a proxenetas e trantantes de brancas até ser quen de desmantelar unha tupida e escura rede.

Poucas foron as galegas que cruzaron soas o océano, a maioría facíanlo respondendo á chamada de esposos, pais ou familiares que dalgunha maneira tiñan planificado o

seu futuro americano. Con todo, a viaxe non debía ser totalmente segura cando existiron entidades creadas a pé feito para velar pola súa seguridade. Tal é o caso do Comité *Pro-Galicia*, creado en 1908 para vixiar polo benestar (e de paso, pola honra) das nosas devanceiras. Igual función cumpriron a *Sociedad Protectora de la Joven Sirvienta* ou as *Hijas de María Inmaculada*, de corte abertamente relixioso. Nin unhas nin outras foron quen de evitar desgustos amorosos e embarazos non desexados. ☞



Sobre o sexo de pago

Libros

 NANINA SANTOS

Dous libros relativamente recentes chegaron ás librerías sobre o tema da prostitución. Dous textos interesantes e valiosos para quen queira afondar nun tema heteroxéneo e complexo, para quen queira escoitar distintas voces ou ver distintos puntos de mira, para quen pense que o estigma de puta, é unha ferramenta de control sexista contra a liberdade das mulleres, para quen crea que se falamos de prostitución é imprescindible escoitar as voces das actrices, para quen conserve o lume de reivindicar a autodeterminación sexual das mulleres, para quen sinta que a situación de alegalidade da prostitución mantén ás prostitutas sen dereitos e polo tanto vulnerables, para quen considere imprescindible diferenciar, distinguir, na reflexión e na práctica política, a realidade das mulleres que deciden consciente e deliberadamente traballar como prostitutas, daquela outra realidade protagonizada por mulleres forzadas, en contra, polo tanto, da súa vontade, a traballar na prostitución.

Os dous libros nacen de debates, xornadas e diálogos e ámbolos dous están na preocupación feminista e na reivindicación feminista. As persoas que os coordinan ou editan son Mamen Briz e Cristina Garaizabal un, e Isabel Holgado, o

outro. Todas levan tempo traballando en organizacións en defensa dos dereitos das prostitutas.

La prostitución a debate. Por los derechos de las prostitutas coordinado por Mamen Briz e Cristina Garaizabal,¹ foi o primeiro en chegar ao mercado, no 2007 e contén as ponencias e traballos das xornadas de igual título que Hetaira organizou en Madrid no mes de maio de 2004.

No prólogo «Doce anos de Hetaira», consideran que pese ao tempo transcorrido conservan todo o seu valor desde o punto de vista da análise da realidade e das propostas para entender o complexo tema no que levan tantos anos traballando. É un emotivo e interesante repaso pola historia de Hetaira, polo encontro –prexuzado– dunhas feministas cunhas prostitutas decididas, todas, a traballar xuntas na cuestión.

Aquelas valentes e rompedoras xornadas que tanto me aportaron e deron para pensar, están agora no libro, ordenadas as ponencias seguindo as mesas que vos digo o título e as ponentes, para que vos anime e inspire a súa lectura. Todas van precedidas dunha presentación onde se indica quen son e que fan as ponentes:

► **Boas e malas mulleres. O estigma da prostitución**, con in-

tervencións de Dolores Juliano, Cristina Garaizabal, Raquel Osborne e Anne Souyris.²

► **Inmigración e prostitución**, con ponencias de Ruth Mestre, Pilar Rodríguez, Estefanía Ación e Nereida Lakuló.

► **Outros países, outras experiencias**, con Juanita Rosina Henning, traballadora social na Asociación Dona Carmen en Frankfurt –que defende os dereitos sociais e políticos das mulleres que traballan na prostitución, sinaladamente os dereitos das mulleres estranxeiras–, Sietske Altink, filósofa de formación que traballa na organización holandesa Rodedraad (O fio vermello), Pye Jakobson,³ traballadora sexual e activista en Suecia e Europa a prol dos dereitos das

¹ BRIZ, M. e C. GARAIZÁBAL (COORDS.): *La prostitución a debate. Por los derechos de las prostitutas*, Madrid, Talasa, 2007.

² Xornalista, cofundadora e actual presidenta do grupo feminista francés Femmes Publiques.

³ Tivemos o placer de escoitala nas xornadas de debate que Andaina organizou o 3 e o 6 de novembro de 2004 en Compostela e cuxas intervencións foron editadas no libro VV. AA.: *Otras voces, otros mundos: Mulleres emigrantes e prostitución en Galicia*, Santiago de Compostela, Andaina e Concellería de Emigración e Inmigración, 2004.

traballadoras sexuais e eróticas e Anne Copel, socióloga e cofundadora do grupo pro-sexo francés Femmes Publiques.

► **A situación no noso país**, con intervencións de Inés Sabanés, concelleira por Izquierda Unida no Concello de Madrid, Ramiro García de Dios, maxistrado e membro de Xuíces para a Democracia, Silvia Gay, profesora de Dereito do Traballo na Universidade do País Vasco e Anna Fábregas, do grupo Genera.

► **As prostitutas se organizan**, falan as traballadoras do sexo, con Margarita Carreras, María José Barrera, Carolina Hernández, Nancy Losada e Hedi Rueda.

O libro inclúe o *Manifesto polos dereitos das prostitutas* e *Escritores e escritoras polos dereitos das prostitutas*.

Prostituciones: Diálogos sobre sexo de pago, editado por Isabel Holgado,⁴ chega desde a esquina nororiental da península.

Abren o libro as reflexións de Isabel Holgado, a editora, Todas as voces para un só concerto feminista, que insiste no interese de escoitarnos, de aceptar o reto e os estímulos de

non converter a discrepancia e o desacordo en hostilidade e enfrontamento. Outras reflexións, da man da experiencia de LICIT, un grupo de investigación interdisciplinar proposto no ano 2000 por Dolores Juliano, para tentar entender as novas dinámicas da prostitución a partires da maior presenza de inmigrantes extracomunitarias e os encontros coas prostitutas e as súas demandas, logo coas activistas e autoras feministas fundamentais no tema. As aprendizaxes e as leccións extraídas. Algunhas máis transcendentales para a práctica e a acción feminista. Boa parte delas, enunciadas no comentario inicial. A primeira que enuncia Isabel Holgado, di que resulta relevante é que «o verdadeiro problema non é a prostitución, senón a exclusión. É dicir, non cobrar por dar servizos sexuais, senón a falta de recoñecemento, o desamparo legal, as consecuencias do estigma...». Tamén explica quen son as autoras e a voz de mulleres en prostitución, que son por certo unhas páxinas moi frescas e saudables.

Estes son os artigos que recolle o libro,

Pilar Rodríguez: *Xénero, inmigración e traballo nas sociedades posmodernas*; Ruth Mestre: *Traballo sexual e igualdade*; Ana Rubio: *A teoría abolicionista da prostitución desde unha perspectiva feminista*; Cristina

Garaizábal: *As prostitutas toman a palabra. As vicisitudes da súa construción como suxeitos sociais*; Dolores Juliano: *O pánico moral e a criminalización do traballo sexual*; Beatriz Espejo: *A prostitución desde unha visión transexual*; Isabel Holgado: «...O que paga por pecar». *Homes-clientes de sexo de pago*.

Nos anexos inclúe dous documentos. I: *Os principios dos que parte a Plataforma das persoas traballadoras do sexo* e II: *As conclusións aprobadas no encontro da corrente Outras Feministas*.

O dito, dous libros estimulantes –aínda que non todas as intervencións son iguais de interesantes, claro–. Dous textos que aportan moitos argumentos, matices, información e dan ferramentas para pensar máis e mellor esta cuestión da que podemos dicir que *pintan bastos* á luz das medidas, ordenanzas, campañas e plans integrais que se están cociñando, practicamente sempre sen ter conta da voz das protagonistas, das actrices, das prostitutas. 6

⁴ HOLGADO, I. (ed.): *Prostituciones: Diálogos sobre sexo de pago*, Barcelona, Icaria, 2008.





O segundo sexo en galego


Libros

 ESTRELA VILLAVERDE

O presente ano vense de publicar a primeira edición en galego dunha das obras feministas máis polémicas e debatidas, coñecidas e recoñecidas dos nosos tempos: *O segundo sexo* de Simone de Beauvoir.

Logo de máis de cincuenta anos da súa publicación, en Francia, en 1949, sigue sendo, agás as necesarias actualizacións, unha obra contemporánea, xa que contén unha profunda reflexión sobre a «condición de muller», analizando neste primeiro volume, os feitos (biolóxicos, psicolóxicos, socioeconómicos e históricos) e os mitos sobre o sexo feminino. Ten ademais o mérito de compilar por primeira vez as demandas de diversas e destacadas mulleres da defensa dos nosos dereitos e liberdades, coma Mary Wollstonecraft, Olimpia de Gouges, Virxinia Woolf...

A obra de Simone de Beauvoir é a obra feminista máis lida do mundo, sendo traducida a numerosas linguas; as súas primeiras traducións ao castelán fixéronse en América Latina, no Estado Español, onde estivo prohibida durante o franquismo, non se fixo ningunha tradución até 1998, dez anos despois que en Cataluña (1988). A primeira tradución en lingua portuguesa fíxose no ano 1970.

Dende esta palestra, queremos felicitar á editorial Xerais e ás mulleres que fixeron posible este traballo, Marga Rodríguez Marcuño (tradutora) e África B. López Souto (filósofa), e así mesmo darlles as grazas pola oportunidade de poder gozar desta importantísima obra na nosa lingua. 



Lita

Parir na Galiza rural dos anos sesenta e o nacemento do seu primeiro fillo

ANNA AMORÓS I PONS

Isolina (Lita para o seus achegados) naceu nun verán da posguerra, ala polo ano 1945, na aldea de Castro, na parroquia pontevedresa de Cerdedo, sendo a segunda dos tres fillos que tivo o matrimonio composto por Florencio e Ramona.

Con tan só 13 anos deixou a Escola Mixta de Castro para aprender costura, primeiro cunha modista da aldea, Sara, e despois en Filgueira coa señora Felicitas.

Sendo moi noviña foi a unha romaría na parroquia de Quirensa e alí coñeceu a un guapo mozo, Pepe, case nove anos maior ca ela e emigrante en Venezuela:

Si, eu entón debía de ter uns 15 anos [...], el estaba de vacacións [...] e era dunha aldea moi cerquiña da miña [...]. Namorámonos!...

Lita, casou con tan só 17 anos e quedou a vivir na casa dos seus pais mentres o seu home estaba de emigrante, daquela un pouco máis preto, en Francia. Un ano despois, Pepe atopou traballo na construción na cidade de Basilea e o matrimonio emigrou a Suíza:

Alí comecei a traballar [...] primeiro nunha fábrica téxtil, de cintas de veludo [...] e despois nunha fábrica de repostos para televisión [...], pero, ao pouquiño quedei embarazada do meu primeiro fillo [...], tiña tan só 19 anos!

O matrimonio, aproveitando as vacacións do Nadal do ano 1964 viaxou a Galiza:

Eu, estaba xa embarazada de case 5 meses, polo que decidimos que quedase en Castro, na casa dos meus pais, ata que nacesse o neno [...] e foi entón cando visitei por primeira vez ao médico!

LEMBRANZAS dunha época

Na súa primeira consulta ao xinecólogo acompañouna —ata a cidade de Pontevedra— o seu marido. Por aquel entón a consulta custoulles xa unhas 200 pesetas. Aínda hoxe recorda Lita, con sorpresa e entre sorrisos, o diagnóstico do embarazo:

O médico díxome: «pola gordura da barriga debes de estar embarazada de máis de cinco meses», mentres me facía unha exploración coas mans ao redor dela. A continuación colleu unha cinta métrica, das que se usan na costura, e medíume a barriga [...], ao igual cunha modista cando toma medidas para facer un vestido! [...] e ao rematar díxome: «polas medidas debes de levar dous» (pensando nun embarazo dobre).

Como o médico de Pontevedra quedáballe a Lita moi lonxe, visitou ao mes seguinte a outro que tiña a súa consulta na parroquia de Cerdedo. Este era un médico novo, de medicina xeral coa especialidade de xinecología, e os luns da cada semana facía o percorrido pola súa aldea:

Viña en coche... un [Seat] 600 verde! [...]. Este médico confirmoume de novo que o embarazo era dobre [...]. Non sei por que o meu marido e mais eu acabamos deducindo que eran un neno e unha nena! [...]. Así que comencei a mercar toda a roupa dobre: unha de cor branca e outra rosa!

E chegou o día. Pasadas as dez da noite, e despois de máis de seis horas de parto, Lita coa axuda do médico, do seu marido e da súa nai (por aqueles anos o seu pai estaba en Venezuela) paría...

Un neno... levaba só un!, un fermoso neno de máis de 5 quilos! [...]. Polo grande que era, o médico tivo que cortarme dúas veces para que puidera saír! [...]. Que mal o pai, crin morrer! [...]. Tardei máis dun mes en recuperar-

me do parto e estiven durante moito tempo con antibióticos! [...]. O médico viña cada día a verme [...]. Por todos os seus servizos pagámoslle unhas 1500 pesetas [...], eran moitos cartos entón!...

Uns días despois do nacemento de José Luis, e estando Lita de repouso na cama, comezaron as visitas das veciñas que obsequiaban á nai e ao seu fillo cuns presentes:

A xente viña e tróuxome dende galiñas ata chocolate e roupa para o neno, moitas cousas de agradecer!

Ao longo de dous anos Lita quedou a vivir co seu neno na casa dos pais, mentres o seu marido continuaba traballando en Basilea. Despois emigrou de novo a Suíza, deixando ao rapaciño cos avós. Pasaron os anos e quedou de novo embarazada da súa filla Nieves, era o ano 1972:

Vaia diferenza co embarazo e o parto da miña filla! [...]. Alí, fixéronme controis, analíticas e revisións durante todo o embarazo [...]. Recordo que rompín augas na casa e indo cara o Hospital de Basilea lle dicía o meu marido: «corre, corre... que xa ven!» [...]. Todo foi tan rápido que case estivo a piques de nacer no coche, eu pensei que non chegamos ao hospital e vivíamos tan cerquiña!

Ao cumprir Nieves tres meses de vida, o matrimonio volveu a Galiza:

Tiñamos moitas ganas de ver ao noso fillo e de que a familia coñecese a Nieves! [...]. Quedei tres meses na casa dos meus pais cos meus fillos [...], pero, despois volvían a Suíza e tiven que deixar aos dous [nenos] cos avós [...]. Marchei con moita pena! [...], pero había que traballar [...], así eran as cousas entón! [...].

Lita e Pepe regresaron definitivamente a Galiza no ano 1975. 📄



Aquí e agora!

Novas formas de acción feminista

 CARME NOGUEIRA

Erreakzioa-Reacción, do 10 de xullo ao 21 de setembro
de 2008, Sala Rekalde – Bilbao



O pasado verán presentouse no gabinete abstracto da Sala Rekalde a exposición «¡Aquí y ahora! Nuevas formas de acción feminista». Que a palabra «forma» estea presente no título da exposición non me parece insignificante. A preocupación pola forma fala de que o que se di está inseparablemente unido a como se di. Trátase xustamente de mostrar unha reflexión sobre a acción feminista baixo un determinado formato: o fanzine.

Haberá quen pense que o formato está de máis, que se pode falar dos contidos desta mostra sen reparar demasiado en como se dispoñen. Pero para min é algo decisivo. Así o sinto tamén co traballo

de Azucena Vieites e Estíbaliz Sádaba, as compoñentes de Erreakzioa-Reacción. Como elas moi ben explicaron, o fanzine é un elemento intermedio entre formalización e acción. «As publicacións preséntanse nesta mostra baixo os parámetros DIY, faino ti mesma, nunha intersección entre a edición, a práctica artística, os feminismos e o traballo colectivo. Trátase de retomar o espírito DIY do punk establecendo como xenealoxías o pensamento feminista e o traballo feito polas mulleres, desde unha idea do colectivo e do múltiple e interdisciplinar na arte».¹ Para a súa elaboración cómpre chegar a un momento de concreción, pero todo o

que pasou en medio, o proceso, é realmente importante. Isto é o que sinto cando vexo o seu traballo, cando lembro todos os números da revista que vin desde 1997, que foi cando eu as coñecín (elas levaban traballando máis tempo, desde 1994). Sentía que Erreakzioa podía mudar de forma, podía ser unha vídeo-revista, un despregábel, un fanzine cun formato máis ou menos convencional ou unha exposición, como neste caso, pero era sempre un lugar no que pór o discurso en acción.

¹ Erreakzioa-Reacción, no folleto da exposición.



«As publicacións preséntanse nesta mostra baixo os parámetros DIY, faino ti mesma, nunha intersección entre a edición, a práctica artística, os feminismos e o traballo colectivo [...]»

Esta sempre foi a miña percepción do seu traballo e de por que é tan importante a forma: non pola súa repetición, senón pola súa continxencia, porque nos fala da materialidade sen a que non é posíbel entender unha idea.

Así funcionou a exposición en Rekalde. Azucena e Estíbaliz pedíronme que lles axudase cun dispositivo de sala. Cando me pediron esta colaboración, entendín perfectamente que se me pedía que aquí e agora se convertese niso xus-

consumo e *La construcción de imágenes/Imágenes de mujeres*); o traballo xunto con María José Belbel para o seminario «La repolitización del espacio sexual en las prácticas artísticas contemporáneas», 2004; o traballo de Azucena e María José como coordinadoras de grupos de debate e lectura do seminario «La repolitización del espacio sexual en las prácticas artísticas contemporáneas» dirixido por Beatriz Preciado (UNIA, Arteypensamiento, Sevilla, 2002). Igual que o traballo

a WomanHouseProject, o primeiro programa de Arte feminista académico iniciado en 1971 por Judith Chicago e Miriam Shapiro. Traducido por María José Belbel e Beatriz Preciado, grazas aos orzamentos de Arteleku, este vídeo-ensaio, desde a primeira vez que o vin, actualízame tamén a mesma idea: que a acción política ten que ser iso, acción. Un pensamento, tan lonxano no tempo (os anos setenta do século pasado) e tan actualizado pola vixencia que ten tal



tamente que sempre foi o seu traballo: un lugar no que poder usar e ampliar a discusión dos materiais, da súa revista, dos seus números antigos, o seu traballo como organizadoras de seminarios como «Sólo para tus ojos», Arteleku, Donostia, 1997 (na exposición podíase ver o vídeo-documentación deste seminario-taller xunto co vídeo-fanzine e dúas breves pezas, *Producciones visuales de la sociedad de*

en vídeo que María José Belbel realizou a partir deste seminario e que o documenta, tamén presente na exposición de Rekalde.

Esta mesma forma atópoa en *Not for sale* de Laura Cottingham, un vídeo ensaio que recompila o traballo, fundamentalmente en forma de *performance*, de artistas feministas dos sesenta e setenta en Estados Unidos e que recolle tamén outro tipo de prácticas como

discurso posto en acción: a que podemos seguir facendo e non só como público deste filme. E un dispoñer do mesmo como xenealoxía, inspira ión e material de traballo que o transforma noutra cousa. En emoción e enerxía para o que facer.

A estes materiais súmanselles outros traballos que estiveron, e están, ao redor de Erreakzioa-Reacción. Moitos destes materiais



Non se trata só dunha recompilación de *femzines*, senón tamén dunha web na que se posibilita unha conexión entre as mozas feministas, lesbianas, *queer*, transexuais, transxénero, intersexuais que len e fan zines

son publicacións. Como o arquivo grrrl zines Network de Elke Zobl (desde o 2001). Non se trata só dunha recompilación de *femzines*, senón tamén dunha web na que se posibilita unha conexión entre as mozas feministas, lesbianas, *queer*, transexuais, transxénero, intersexuais que len e fan zines.


Y LTTR (NY). Y Prologue (Graz). Y Malmoe (Viena). Y Girls Like Us (Ámsterdam, NY)... unha serie de propostas que serviron para realizar un traballo conxunto que tomou forma de publicación na exposición. Con traballos de Cuntsunt, Iconoclastas, Mujeres Públicas, Regina, Ladyfest, O.R.G.I.A., Belcro, Artísimas, Soytomboi, Wiki-historias e Pripublikarrak elaborouse un fanzine que se podía levar. Un fanzine sen xerarquías, sen índice... algo que tampouco

non me parece aleatorio. Algo que me lembra un idea común cando é realmente colectivo: aberto, inclusivo, expandido, xeneroso... sobre o que reflexionamos obsesivamente nas nosas conversas Erreakzioa, María José Belbel e eu mesma. Como di María José «pois ás veces chámase colectivo ao que non o é, cando se marca a xerarquía do papel protagonista e dos secundarios. E hai traballos individuais que funcionan de maneira coral cun sentir común que non está codificado baixo a convicción desa palabra máxica que semella exorcizar o individualismo en tempos tan individualistas e fragmentados: o colectivo».

Iso mesmo percibín nas conferencias que tiveron lugar o 10 e 11 de setembro. Máis que de conferencias me gustaría falar de xun-

tanzas, de conversas, porque Carmen Mörsch (directora do IAE–Institute for Art Education– de Zurich e do Departamento de Educación de Documenta XII) veu falarnos sobre o papel do feminismo na educación na arte, pero o que se xerou foi unha conversa ao redor da súa experiencia. E Artísimas e Pripublikarrak tamén falamos con nós do seu traballo. Igual que Elke Zobl, Wiki-historias e Tomboi compartiron os seus proxectos e os seus puntos de vista.

Ao redor é outra expresión que me semella significativa. É outra forma que me parece que ten o seu lugar. Que marca a diferenza. Que actualiza o que foi, que xera algo para o futuro.

Aquí e agora. 

andaina

revista galega de pensamento feminista

Nome

Apelidos

Enderezo

Localidade

Código Postal

Desexo subscribirme á Revista **Andaina**
a partir do nº

Prezo: *Tarifa normal* 15 € ano

Tarifa de apoio 16 € ano

Envío talón. Pago en efectivo

Transferencia bancaria á cta. de Andaina
(Caixa Galicia CCC: 2091-0377-74-3040003301)

Domiciliación bancaria (cubrir os datos adxuntos e
enviar a: Revista Andaina, apdo. 1058 de Santiago)

Data

Bco/Caixa Oficina

Localidade

Agradecerei-lles que a partir desta data atendan
con cargo a miña conta Nº CCC:

Entidade

Oficina

Dc Nº de conta

Os recibos presentados pola revista **Andaina**.

Atentamente:

Nome

Apelidos

Sinatura do/a titular da conta:



andaina

revista galega de pensamento feminista

PUNTOS DE VENDA

A Coruña

Librería Couceiro
Praza do Libro, 12

Librería Xiada
Avd. de Fisterra, 76-78

Librería Lume
Rúa Fernando Macías

Pontevedra

Librería Michelena
Rúa Michelena, 22

Librería Paz
Peregrina, 29

Santiago

Librería Couceiro. Rúa do Hórreo, 9

Librería Pedreira
Rúa do Home Santo, 55

Baba. Área Central

Ártico. Rúa do Vilar, 49

Lugo

Librería Trama
Avd. da Coruña, 21 (galerías)

Ourense

Livraria Torga. Rúa da Paz, 12

Servicio de Asesoramento das Mulleres

■ CONCELLERÍA DA MULLER ■

Para a atención específica dos problemas que afectan ás mulleres o Concello de Santiago pon a súa disposición o Servicio de Asesoramento das Mulleres


Para asesorarte nas túas dúbidas e buscar unha solución ós teus problemas familiares, laborais, xurídicos e sociais.

Estamos a túa disposición na Praza da Constitución s/n.

■ Horario de atención ó público

Tódolos días de 10 a 14 h.

Teléfono: 981 57 14 61



**CONCELLO DE
SANTIAGO**

Concellería da Muller

Lola, Amparo e Xulia Touza Domínguez representan a milleiros de anónimas mulleres galegas que con discreción e xeneroso desinterese souberon axudar a quen precisou agocharse e fuxir clandestinamente do seu país en tempo de guerra.

As irmás Touza Domínguez

As tres axudaron con valentía e durante anos a un número indeterminado de persoas, entre elas moitas xudías e xudeus escapados do horror do nazismo durante os anos máis duros da Segunda Guerra Mundial. Chegaban en tren a Ribadavia desde Medina del Campo, vía Monforte. Por escuros e secretos camiños, as comprometidas irmás Touza souberon facer que alcanzasen as seguras terras portuguesas. Nos anos corenta estiveron no cárcere.

Tres mulleres con carácter, que permaneceron solteiras e viviron sempre xuntas na pequena vila ourensá que as vira nacer. Alí gobernaban unha pequena cantina instalada nun quiosco ao lado da estación de ferrocarril da capital do Ribeiro. O negocio permitíalles recibir e atender as primeiras necesidades dos acabados de chegar. Algúns dos fuxidos pasaron días agochados na casa familiar que as irmás posuían no número 2 da rúa do Xuíz Viñas. Desde alí escapaban ao país veciño coa axuda doutros dous participantes nesta clandestina rede de auxilio, eran o taxista Xavier Míguez *O Calavera* e o condutor dun coche de punto chamado Xosé Rocha Freixedo. Lola, Amparo e Xulia contaban ademais coa axuda de Ricardo Pérez Parada, toneleiro de profesión que estivera emigrado nos Estados Unidos e lles facía de tradutor.

O 26 de xuño de 1966 faleceu a maior das irmás, Lola, sufriu un ataque ao corazón na cantina da estación. Quince anos despois, o 6 de febreiro de 1981, tocoulle a quenda a Amparo e ao pouco, o 6 de xuño de 1983, acompañounas Xulia.

As chamadas *Schindler galegas* recibiron o pasado 7 de setembro unha homenaxe póstuma en Ribadavia. No acto, organizado pola Red Sefardí de España e polo centro de Estudos Medievais de Ribadavia, solicitouse a declaración das tres irmás como Xustas das Nacións, máximo recoñecemento do estado israelí a persoas que axudaron aos xudeus durante o Holocausto.



Para saber máis:

PATIÑO, Antón: *Memoria de ferro*, Vigo, A Nosa Terra, 2005 (os capítulos: «Lola, Amparo e Xulia, as de Ribadavia», pp. 153-156, e «O toneleiro evanxelista», pp. 157-159).

<http://www.laopinioncoruna.es/estaticos/domingo/20080921/domingo.html>

http://www.elpais.com/articulo/Galicia/busca/judio/muerto/elpepiatgal/20081004elpgal_19/Tes/